


ALFREDO GUISADO

Xente d'a Aldea e outros textos das orixes

CARLOS PAZOS-JUSTO



CREADORES PONTEAREÁNS



Alfredo Guisado

XENTE D'A ALDEA E OUTROS TEXTOS DAS ORIXES

Carlos Pazos-Justo (ed.)

Edita: Concello de Ponteareas

Xardíns da Xiralda, s/n, 36860 Ponteareas

Imaxe de portada: «O cego da sanfona» (Castelao)

Revisión lingüística: Fernando Groba e Consejo Vázquez

Maquetación e deseño: Manrique Fernández

Impreso en: Aceroplus (Ponteareas)

© Dos textos: Os autores

© Da edición: Carlos Pazos-Justo / Concello de Ponteareas

Depósito Legal: PO 51-2021

EDICIÓN NON VENAL

1.^a edición, marzo 2020

É propiedade dos autores

Reservados todos os dereitos

CREADORES PONTEAREÁNS

ALFREDO GUISADO

Xente d'a Aldea
e outros textos das orixes

Carlos Pazos-Justo (ed.)

 P NTEAREAS



Concello de
PONTEAREAS

 DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

A PONTEAREAS E A LISBOA, DEIXÉMOLAS NAMORAR

Vendo-os assim tão pertinho,
a Galiza mail' o Minho,
são como dois namorados
que o rio traz separados
quasi desde o nascimento.
Deixal-os, pois, namorar
já que os paes para casar
lhes não dão consentimento.

[João Verde]

NESTES VERSOS que o poeta monçanense José Rodrigues Vale asina co seu pseudónimo João Verde, pódese sentir a querenza secular e profunda que existe entre as dúas marxes do río Miño e as vicisitudes históricas polas que tiveron que pasar. Unha das contrariedades que máis uniu os dous países irmáns foi, precisamente, a necesidade de ter que emigrar para fuxir da miseria que, dun e doutro lado, ía agromando. Nese contexto, a comarca do Condado (capitaneada por Ponteareas, por ser o seu concello máis poboado) non foi excepción e tivo que ver como moitos dos seus fillos e fillas facían as maletas para mudar, para sempre, o seu destino.

Por tal motivo, Ponteareas ten unha conexión especial e unha débeda con cada un deses lugares que acolleron, acariñaron e se converteron na casa

de acollida e fogar para eles e elas. E, de entre os posibles rumbos aos que se dirixían, hai un que destaca sobre os demais polo número de ponteareáns e ponteareás que para alá se encamiñaron e pola importancia que chegaron a ter: Lisboa. E unha persoa que, quer polo continuado duro traballo dos seus devanceiros, quer pola súa notoria intelixencia, quer por sorte do seu destino, levou o nome do noso concello a ser gravado no máis alto da historia da literatura: Alfredo Pedro Guisado.

Alfredo Guisado, fillo dun veciño da parroquia de Pías chamado Antonio Venancio Guisado, naceu en Lisboa mais sempre mantivo unha constante e prolífica conexión coa terra das súas orixes. Foi poeta, deputado, político e xornalista e deixou unha obra tan considerábel e importante como descoñecida entre a que cómpre destacar unha que publicou en galego hai agora 100 anos: *Xente d'a Aldea*.

Pois ben, debido a tan relevante efeméride, o Concello de Pontearreas decide editar unha nova entrega de *Creadores ponteareáns* para seguir facendo actos de xustiza sacando da penumbra e do descoñecemento unha morea de artistas nosos e nosas que nos deixaron un legado patrimonial de incalculábel valor. Para tal empresa, tivemos a oportunidade de contar coa erudición e pluma da persoa que máis ten investigado e, en consecuencia, do maior especialista neste persoeiro: co doutor e profesor da Universidade do Minho Carlos Pazos-Justo, así como coa inestimábel colaboración da familia Guisado; a ela debémolles a achega de numeroso material documental e mesmo a doazón do debuxo «O cego da sanfona», de Castelao (expoñente do galeguismo fortemente vinculado coa lusofonía e coa emigración), que custodiamos no Museo Municipal.

Este volume, ademais de ser un acto de xustiza en que se converte cada libro desta colección, quere ser unha chiscadela de amizade e de agradecemento con ese país (Portugal) e esa capital (Lisboa) que tan ben nos entende e que tan ben ten tratado a toda aquela nosa veciñanza que para alá foi.

Xosé Represas Giráldez
Alcalde de Pontearreas

DÚAS TERRAS

ALFREDO PEDRO GUISADO, portugués de nacemento, mantivo sempre a Galiza no máis profundo do seu corazón.

De familia galega emigrada a Lisboa, gozou, dende pequeno, de longas tempadas en Pías (Pontearreas), a terra dos seus pais. Naquela época, as viaxes a Galiza, ademais de caras, eran eternas, polo que, moitas veces, ían en barco de Lisboa a Vigo. Os enormes baúis de viaxe de carballo e pel de porco, pertencentes ao seu pai (Antonio Venâncio Guisado), revelaban claramente as intensas vicisitudes daquelas arduas viaxes, xa fosen por mar ou por terra, en tren ou dilixencia.

Casado con Maria Guilhermina Ferreira, con quen esperaba vivir nun futuro en Pías, tivo dous fillos pero nunca netos.

O seu vínculo con «A miña aldea», como se refire a Pías no seu poema de *Xente d'Aldea*, e con Galiza é moi intenso, até que estala a Guerra Civil en xullo de 1936. Durante este espazo de tempo, crea lazos de amizade con diversas personalidades e visitantes que frecuentaban o Balneario de Mondariz, entre eles, Amado Garra, Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Castelao, Antón Villar Ponte, os irmáns Peinador etc. Participa en diversos seminarios da comunidade española en Lisboa, escribe para xornais como *El Tea*, implícase no movemento agrario (proxecta a Asociación de Agricultores

da Parroquia de Santa Mariña de Pías, preside a Unión Agraria dos agricultores do partido xudicial de Ponteareas e a Unión Agraria de Galicia en Lisboa), divulga o movemento modernista portugués en Galiza así como tamén a lingua e a literatura galegas en Portugal, participa activamente nas actividades da comunidade galega en Lisboa organizadas pola Xuventude de Galicia-Centro Galego de Lisboa, intenta fundar o Banco Galicia-Portugal, teima en organizar semanas de intercambio social e cultural entre Galiza-Portugal e nos Xogos Florais.

A fascinación e a estreita conexión de Alfredo Guisado con Galiza influenciaron, de xeito moi importante, os compañeiros modernistas do Orpheu. Alfredo Guisado, coa complicidade de Fernando Pessoa e, no que respecta aos seus heterónimos, convence a Antonio Ferro de que atopara un tal Alberto Caeiro, poeta, no parque de Mondariz. Un tipo realmente estraño que logo clasificaron de *Lepidóptero* (termo desprezativo utilizado no ámbito do Orpheu que, da orixe entomolóxica, unicamente garda o sentido da metamorfose).

Tras a Guerra Civil, e sempre que as súas tarefas profesionais o permitían, regresaba a Galiza, pois era alí onde se sentía na súa casa, prolongando as súas estadias o máximo posíbel. Moita da correspondencia enviada aos seus amigos foi remitida dende Pías. A calma e o acougo da aldea permitíanlle reflexionar e refuxiarse para buscar inspiración.

O tío Alfredo, ou o avó Alfredo, como quería que o chamasen os sobriños e os sobriños netos, permanece na lembranza dos que aínda viven.

Gran coñecedor e amante da pastalaría rexional, adoraba as froitas cristalizadas e os doces da confeitaría Dinguilindín de Ponteareas.

A súa amizade cos seus paisanos levouno a ter un gran número de afilados na súa parroquia.

El e o seu irmán Antonio, aínda que con sete anos menos e personalidades moi diferentes, eran os mellores amigos.

Na memoria de toda a familia, durante as vacacións de verán en Galiza, atopamos un Alfredo Guisado relaxado, usando a boina galega (e non o sombreiro que o caracterizou), sentado co seu irmán baixo un camelio centena-



Da esquerda para a dereita: Eugénia Lago Rodríguez, Marilía de la Concepción Lago García, Isaura Benita Lago Rodríguez Guisado, Antonio Guilherme Guisado, Esmeralda Lago Guisado, Sebastião Alves dos Santos, Adonis Lago Rodríguez, Palmira Ferreira Guisado, Alfredo Pedro Guisado, Antonio Eugenio Lago Guisado, Concepción Barreiros Garcia, Maria Guilhermina Ferreira Guisado
[Fotografía: arquivo da familia Guisado]

rio, non só conversando con quen pasaba ou o visitaba, senón tamén contando historias a todos aqueles que quixeren escoitar.

Varias son as memorias deixadas por el nesta terra, pola que sentía as emocións máis puras e profundas. Agasaloulle á súa parroquia, xuntamente co seu irmán Antonio Guilherme e o seu cuñado Eugenio Álvarez, o palco da música do torreiro da igrexa de Pías, a imaxe do Sagrado Corazón de Xesús, da Nosa Señora de Fátima e da Raíña Santa Isabel que podemos atopar na igrexa parroquial de Santa Mariña, e loitou, dende sempre, polo desenvolvemento da súa terra.

O sentimento galeguista de Alfredo Guisado perdura na familia aínda nos días de hoxe, que continúa mantendo un cálido vínculo con esta terra tan querida. Sempre que a deixan, sobrevoa a nostalxia e unha enorme vontade de regresar!

Adeus campos de trigo que ceifei,
Sino da minha aldeia que escutei
E tantas vezes, tantas, me embalou.
Minha terra adorada, ó terra qu'rida,
O' terra onde nasceram os meus pais,
Eu te dirijo a minha despedida!

*A familia Guisado
(Lisboa, xaneiro de 2021)*

ALFREDO GUISADO

Xente d'a Aldea
e outros textos das orixes

Carlos Pazos-Justo (ed.)



ALFREDO GUISADO

Alfredo Guisado

[Fotografía: archivo da familia Guisado]

1. ALFREDO GUISADO, UN LISBOANO

Lisboanos de Lisboa
que vindes facer ó eido?
Vindes engana-las mozas
coa sona do dinheiro

ESTA CANTIGA, recollida en Caritel (Grygierzee e Ferro 2009), reflicte exemplarmente o sentido que bastantes décadas atrás tiña o xentilicio *lisboano*: galego emigrado en Lisboa que conseguira éxito profesional e, consecuentemente, certo recoñecemento social, sobre todo, na terra das orixes.

O caso de Alfredo Guisado (Lisboa, 30/10/1891-30/11/1975), mesmo da familia Guisado, así como o doutras moitas familias do sur de Galiza, informa dun fenómeno migratorio temporalmente dilatado (e parcialmente actual). De 1745, data a primeira información que documenta un Guisado en Lisboa oriúndo de Pías, parroquia do municipio de Pontearreas. Este primeiro Guisado, Francisco de nome, segundo documentou o historiador González Lopo (2013), é atendido no Hospital de Todos-os-Santos de Lisboa e, significativamente, consta como *mosso de saco* no arquivo hospitalario. Xa na primeira metade do século XIX, as referencias confiábeis aos ascendentes de Alfredo Guisado sitúanos como propietarios do famoso restaurante Irmãos Unidos. Máis tarde, nos inicios do século XX, Antonio Venâncio Guisado, pai de



De esquerda a dereita: Eugenio Álvarez González (marido de) Palmira, Antonio, (irmáns) Benedicta Abril, Antonio Venâncio e Alfredo Guisado (aprox. 1910)
[Fotografía: arquivo da familia Guisado]

Alfredo é orixinario de Pías, é un acomodado comerciante con varios negocios en Lisboa mais tamén con intereses incipientemente políticos como demostra a súa filantropía agrarista (é un dos financiadores do semanario agrarista *El Tea* de Pontearreas) ou as tendencias rexionalistas que dá indicios da atención que lle dedica a importante revista metropolitana *Vida Gallega* (31/05/1910). O traxecto que vai de Francisco Guisado a Alfredo Guisado certifica, en suma, as conquistas económicas e sociais dunha parte significativa da colonia galega de Lisboa, os lisboanos, e a perdurabilidade, non só do movemento migratorio entre numerosas poboacións galegas e a capital lusa, mais tamén dos vínculos que se estabelecen entre as persoas e os espazos territorial e culturalmente considerados; significa, neste sentido, a posibilidade que varias xeracións de *Guisados* –e outras familias– tiveron de beneficiarse de dous espazos materiais e simbólicos.

A medida do poder destes vínculos e desta forma de vida da familia Guisado (e outros) podería ilustrarse co feito de aínda hoxe os netos e bisnetos

de Antonio Venâncio Guisado teren segunda residencia en Pías, Ponteareas. Repárese: case tres séculos após a primeira noticia confirmada dun Guisado en Lisboa, os (probábeis) descendentes (ou parentes) contiñúan a ter casa no mesmo lugar onde nacera o Francisco Guisado do século XVIII.

Para entender o caso da familia Guisado e doutras moitas da zona do Condado ou do sur de Galiza, é preciso ter presente a intensa corrente migratoria que, durante séculos, fixo pór rumbo a moitos galegos á capital portuguesa. A pesar de resultar tarefa difícil apuntar números concretos e fiábeis, o certo é que o número de galegos residentes en

Lisboa durante o século XIX e parte do XX foi considerábel, na orde de varias decenas de miles e, no seu conxunto, conformou o grupo amplamente maioritario entre os oriúndos do Estado español. En 1873, por exemplo, o propio cónsul español no Porto afirmaba que os emigrantes galegos representaban o 97% dos emigrantes españois en Portugal, sendo orixinarios, na súa case totalidade, de zonas rurais de Galiza (Alves, 2002).

A colonia galega de Lisboa nutriuse, durante séculos, de emigrantes procedentes da zona sur de Galiza, como dicimos, especialmente de concellos como A Caniza, Arbo, As Neves, Crecente, Ponteareas, Salvaterra de Miño, Mondariz, Fornelos de Montes, Ponte Caldelas, A Lama... (González Lopo, 1999). No destino, a capital portuguesa, desempeñaron diversas funcións de escasa cualificación profesional. A seguinte citación, entre outros testemuños de semellante teor, é suficientemente elucidativa (Pinho 1983: 211-212):

Os mesteres dos Galegos, em geral, eram os de *acarretador*, *aguadeiro*, *almocreve*, *artífice*; *carregador* (da Alfândega e da Companhia do Arroz),



Antonio Venâncio Guisado
(Lisboa, aprox. 1880)

[Fotografía: arquivo da familia Guisado]

cortador (referenciado no século XVII), *cozinheiro*, *criado doméstico* (de libré, botequim, casa de pasto, tasca); *moço de armazém* (de loja de bebidas, de mercearia) e *moço de esquina* ou *de fretes* (chamado também *carreirão* e *mariola*), além de *postilhão* de cadeirinha ou liteira, *serviçal* (no mais lato sentido), *trabalhador braçal* e *barredor*.

Se o consentiam os patacos amealhados ou a ânsia de relativa independência, escolhiam as ocupações de *amolador de tesouras e navalhas* (em simultâneo com o conserto de guarda-chuvas e de louças, daí o *deitagos* ou *gateiro*), *carvoeiro*, *castrador de felinos*, *estalajadeiro*, *negociante*, *padeiro*, *sota*, *taberneiro* e *vendedor de rendas*.

A posición e función social determinada pola súa condición de inmigrantes e de traballadores menos cualificados vai ser aparentemente fundamental na construción dunha imaxe abertamente negativa e/ou humorística de Galiza e dos galegos que vai dominar o imaxinario luso até ben avanzado o século XX e que, como veremos, estará directa ou indirectamente presente nalgúns textos de Alfredo Guisado.

O encadramento social dunha parte significativa da colonia galega de Lisboa, no entanto, vai mudar expresivamente durante o mesmo século XIX e primeiros anos do seguinte; noutras palabras, o medio de vida e as necesidades e obxectivos de variado tipo dunha parte non desprezável da colectividade experimentan unha transformación radical. Deste modo, desde finais do século XIX, verificamos unha notábel complexificación cualitativa da colonia galega, o cal propicia o aparecemento dos tales lisboanos. O feito é que un grupo considerábel de emigrantes consegue alcanzar unha posición económica avantaxada. Moitos destes galegos podentes desenvolven as súas actividades profesionais na hostalaría, sendo propietarios de «emblemáticos» cafés e restaurantes: Café Suíço, Café Martinho, o Irmãos Unidos da familia Guisado, restaurante Estrela d'Ouro, Restaurante Gambrinus etc.

Un indicio evidente da complexificación referida relaciónase coa consolidación das dúas institucións inequivocamente vinculadas á colonia galega de Lisboa e con substantiva participación da familia Guisado: a Asociación

OS GALEGOS SÃO Nossos IRMÃOS!



A tradição galaica em Portugal é das mais curiosas, das mais características. Dessa região admirável que um poeta supremo da Espanha cantou enternecidamente, Curros Henriquez, no seu livro ma-

A' espera de vez!

A pau e a corda. Pesado frete!



Concertos rápidos da cafeteiras, com esmerada perfeição; o funileiro anda de porta em porta proclamando a sua humilde utilidade, em troca de mínima paga.

ximo «Aires de mi tierra» desse torrão abençoado, que é Portugal na cor que vem da sua paisagem, na suavidade acalentadora do seu clima, dessa terra de monumentos antigos e de tropeiros campezesinos, tem vindo pacientemente, hora a hora, ano por ano, século, por século gerações de gente de trabalho, famílias inteiras à terra portuguesa, onde um nobilitante trabalho lhe dá quasi fôros de naturais. O arduo labor das suas profissões grangeiou à população galaiga que vive entre nós, uma simpatia fraterna, um convívio demorado, uma cativante estima que aproximou as duas raças como se verdadei-

Galegos "moços de fretes", augadeiros e afiadores nas rúas de Lisboa. O Notícias Ilustrado, 10/03/1929, pág. 4



Rondalla de Juventud de Galicia (Lisboa, 1909)

[Fotografía: archivo de Miguel Regojo]

Galaica de Socorros Mutuos, segundo *El Tea* con 1088 socios e un capital económico estimábel en 1910 (*El Tea*, 26/03/1910); e, fundada en 1908 e aínda en funcionamento, Juventud de Galicia. Relataba así o destacado membro da colonia galega, Ramiro Vidal Carrera (futuro alcalde de Mondariz), a fundación de Juventud de Galicia en *El Tea* («De Lisboa. La Colonia Gallega», *El Tea*, 13/03/1909):

Un grupo de entusiastas, de gran voluntad, constituyeron, hace pocos meses, una Comisión para poner en práctica los ideales de que se hallaban poseidos. Esta Comisión, de la que yo era un modesto miembro, tuvo siempre por orientación la forma que hizo grandiosa á la importante y rica «Asociación Galaica» de socorros mútuos. Esta es genuinamente regional y nosotros para imitarla en su colosal progreso y creciente prosperidad, fundamos otra que tiende á ser el futuro «Centro Gallego» pero esto no solamente en el nombre sino en la calidad o significación de sus socios.

Por satisfechos podemos darnos. La modestia con que dimos comienzo á la hoy próspera «Juventud de Galicia» ha merecido el aplauso de los

hombres más potentados de la colonia que no tuvieron inconveniente en cooperar a los fines perseguidos por los modestos organizadores, seguros de que cuanto se conseguiera redundaría en provecho y honra de todos.

Ahora emprendemos por fin la ruta e iremos hacia un medio social más favorable y más propio de nuestros tiempos.

E máis adiante, invocando o exemplo americano:

Nuestros hermanos residentes en América nos dan múltiples ejemplos de los que valen, gracias a la unión y sinceridad que con loables fines practican. Imitémosles nosotros, puesto que aún es tiempo de corregir yerros y rutinas perjudiciales, y confiemos en el porvenir que para la colonia gallega de esta hospitalaria capital será indudablemente risueño.

Destaca, ademais do obvio entusiasmo e dos fins propagandísticos do texto, a presenza dun rexionalismo incipiente que paira en moitas das actividades dos membros da comunidade galega de Lisboa. Por outro lado, e case como liña programática, os membros da colonia interesados en dotar a comunidade de institucións propias apelan frecuentemente, como Ramiro Vidal Carrera, ao exemplo das colectividades galegas en América, espello onde verse e modelo que hai que imitar.

Os membros da colonia galega de Lisboa tiveron que enfrontarse á difícil situación que implicou o antagonismo político ibérico, após a implantación da República Portuguesa, en 1910, fronte ao sistema monárquico español. As páxinas do semanario *El Tea* son altamente reveladoras de como os galegos, ou unha parte significativa deles, se relacionan coas súas terras de orixe (e viceversa) e cales os intereses e ideas en xogo. *El Tea*, empresa xornalística abertamente republicana e agrarista, dirixida polo republicano Amado Garra, xorde en 1908 financiada tamén polos compatriotas de Lisboa e de América. Para *El Tea* e outras organizacións, a colectividade lisboeta significa unha fonte de recursos de variada especie, o cal explica, en boa medida, a atención sistemática que o semanario de Pontearreas lles dedica aos paisanos de Lisboa.

ta do director de *El Tea* a Lisboa, estando presente o Alfredo Guisado mozo nun dos banquetes ofrecidos ao político galego.

Vinculadas, na súa maioría, aos intereses republicano-agrarias metropolitanos, cabe sinalar aínda o xurdimento de institucións nesta dirección en Lisboa, con notoria participación de Alfredo Guisado como se pode ver nos textos recollidos neste volume. A *Colonia de Ribadetea* (1916), *Comité Agrario de Padrones* (1916), *Comité Auxiliar de la Sociedad de Agricultores de Areas* (1913), *Unión Agraria del Partido Judicial de Ponteareas en Lisboa* (1915), *Sociedad de Socorros Mutuos, Educación y Progreso Vidense* (1915), *Naturales de Porriño* (1907), *La Luz de los Tres Ribartemes* (1917) ou *Sociedad Pro Escuela Unión del Porvenir para Tabora y Piñeiro* (1922) son algunhas das que temos noticia (Peña, 2002).

O percorrido dos lisboanos, entre fins do século XIX e primeiras décadas do XX, está tamén marcado polo lanzamento de publicacións periódicas, en moitos casos bilingües, que tiñan como destinatarios preferentes os galegos residentes en Portugal e, presumiblemente, os metropolitanos. Algunhas publicacións de antes de 1910 son: *La Voz Galaica. Periódico hispano-lusitano político independiente* (1886-1887), *El gallego: semanario defensor de los intereses morales y materiales de la colonia española* (1881-1883?) ou *La Unión Galaica. Semanario defensor de los intereses generales de la colonia gallega* (1894); pouco antes da instauración da República Portuguesa, xorden, nas marxes do republicanismo, *La España Moderna* (1908) e *El Clamor Español* (1909). Estas e *España y Portugal* (1913), da que collemos un texto humorístico de Alfredo Guisado, son expresión da vitalidade da colectividade así como contribúen significativamente para a configuración desta.

Un dos elementos máis singulares do percorrido dos lisboanos orixina-rios da comarca do Condado e arredores foi, sen dúbida, a proximidade do mundo que se xeraba arredor do Gran Hotel Balneario de Mondariz. Instalacións termais con prestixio a nivel peninsular e mesmo internacional, o Balneario de Mondariz, debido ao empeño da familia Peinador, propietaria do establecemento, será durante varias décadas un caso singular de implicación da burguesía comercial no desenvolvemento do programa cultural e político dos galeguistas. O antropólogo luso Antonio Medeiros (2006: 110)

analiza así a relación entre os galeguistas e o Balneario focalizando o período após o xurdimento das Irmandades da Fala en 1916:

[As] primeiras *performances* etnomiméticas em que os *hirmáns* da fala se envolveram tiveram como palco o mais luxuoso dos hotéis galegos da época, nas termas de Mondariz lugar de encontro de alguma da grande burguesia espanhola da *belle époque*. Os proprietários, abastados capitalistas de Vigo, eram simpatizantes dos ideais das *hirmandades* e, de algum modo, seus mecenas. (Na Galiza este foi um caso muito isolado de aproximação de grandes interesses financeiros ao discurso nacionalista, ao contrário do que aconteceu na Catalunha e mesmo no País Basco).

Importa salientar a consagración do Balneario de Mondariz como «tempo de galeguismo» segundo *A Nosa Terra*: en agosto de 1920, os actos académicos celebrados no Balneario con motivo do ingreso na Real Academia Gallega de Rey Soto e Ramón Cabanillas, ben como a homenaxe a Manuel Murguía (30 e 31 de agosto de 1920), ilustran a vinculación do establecemento termal co proxecto cultural dos galeguistas.

En Pías, parroquia metropolitana dos Guisado, Enrique Peinador Vela, membro da Sociedad Arqueológica de Pontevedra, crea o primeiro museo etnolóxico galego en sintonía cos postulados dos galeguistas do século XIX (Pérez, Serrano e Vilar 1997). Por outro lado, o establecemento termal editaba dúas publicacións propias: tanto *La Temporada en Mondariz* «Publicación semanal» (imprimíase no Balneario; 1888-1931) e *Mondariz*, «Revista ilustrada mensual. Suplemento de La Temporada» (esta publicada en Madrid; 1915-1922), tiñan como público os hóspedes do Gran Hotel Balneario de Mondariz mais non único. *La Temporada en Mondariz* e a revista *Mondariz* acollen, nas súas páxinas, numerosas intervencións de escritores galegos, nomeadamente de Ramón Cabanillas; saúdan tamén amigabelmente varios dos libros publicados por Alfredo Guisado.

O Balneario de Mondariz, espazo marcado por un certo cosmopolitismo, significou para os lisboanos, en particular para a familia Guisado, un

ámbito propicio para socializar. Nas súas longas estadias na metrópole (normalmente durante os meses de verán), o Balneario sería, moi probabelmente, un lugar ideal para mostrar e dar a coñecer os seus éxitos ou propiciar o casamento dos fillos con membros de familias vinculadas á terra das orixes. Arredor do Gran Hotel de Mondariz, os Guisado, os lisboanos en xeral, terían, con certeza, acceso a redes sociais marcadas pola notoriedade dos seus capitais (económico, simbólico etc.). Todo parece indicar que mencionar ou asociarse a Mondariz en Lisboa na altura sería unha práctica simbolicamente rentábel. Por outro lado, cabe pensar que alí Alfredo Guisado tería ocasión e oportunidade de familiarizarse con discursos ennobrecedores do rural galego, a tradición, a lingua e outros elementos asociados, en liña co programa ideolóxico e cultural dos galeguistas.

Os indicios encontrados nesta dirección apuntan para unha moi probable relación de proximidade (de amizade, presumibelmente) que Antonio Venâncio Guisado tería con Enrique Peinador Vela e os seus descendentes. Sabemos que o pai de Alfredo Guisado apoiara un dos proxectos dos Peinador, sendo accionista do eléctrico Vigo-Mondariz; ademais, segundo informa unha das publicacións do Balneario, *La Temporada* (14/07/1918), o patriarca dos Guisado foi un dos doadores, con 10 pesetas, para o monumento a Enrique Peinador Vela construído en fronte do Gran Hotel.

O pai de Alfredo Guisado, Antonio Venâncio Guisado, como apuntamos máis arriba, é un dos lisboanos que no seu destino migratorio, Lisboa, consegue ter éxito e acumular importantes cantidades de capital económico. Alén de propietario do coñecido restaurante Irmãos Unidos da Praça do Rossio (xestionado por Antonio Venâncio Guisado entre 1880 e 1932 e cuxa abertura debe remontar a 1832 ou 1834 e sería propiedade da familia materna, de Benita Abril González; até 1970, sería rexentado por Antonio Guisado, irmán de Alfredo), un dos palcos de reunión dos membros do Grupo do Orpheu, como veremos, formou parte, xunto con Agapito Serra Fernandes (destacado lisboano, construtor do Bairro Estrela d'Ouro) do Cinema Royal, o primeiro en pasar un filme sonoro en Portugal. O pai de Alfredo Guisado tería tamén casa de hóspedes ou hotel durante algún tempo, á vez que tiña produ-



Sentados: Rita Abril González, Pascoala Abril González, Guillermo Alfaya Fernández, María Guilhermina Ferreira Guisado e a filla Palmira Ferreira Guisado. De pé: Palmira Domínguez Abril e marido, José Maria Formosinho Bentes, Benita Abril González e Antonio Venâncio Guisado e Toucedo, Antonio Guilherme Guisado, Eugenio Álvarez González e Alfredo Guisado (Lisboa, 1923)
 [Fotografía: arquivo da familia Guisado]

ción agrícola en Pías, segundo relata a familia. Da acomodada posición da familia Guisado, dá noticia a revista *Vida Gallega*, que lle dedica –en 1910– singular atención baixo o titular «Vida Gallega em Lisboa. – Paisanos conhecidos» (31/05/1910); dicía así, *Vida Gallega*, con notorio ton laudatorio:

Entre la numerosa colonia gallega residente en Lisboa, tan repleta de nombres á quienes acompaña justa fama de probidad y honrado trabajo, distínguese notablemente nuestro conterráneo D. Antonio Venancio Guisado, propietario y comerciante, cuyo retrato tenemos el placer de publicar, juntamente con los de su esposa, hijos e hijo político.

En muy tierna edad fue a Lisboa, y en poco tiempo supo conquistarse una reputación lisonjera y un crédito ilimitado debido únicamente a su acrisolada honradez, tanto en su vida comercial como particular.

Sin nunca olvidar su aldea, Santa Marina de Pías (Mondariz), la cual visita todos los años, procura dejar gratos recuerdos entre sus convecinos menesterosos y remediados.

[...]

La familia Venancio Guisado, es, por todos conceptos, merecedora del recuerdo que hoy le tributa *VIDA GALLEGA*. En todas las ocasiones evidenciase asociándose a todos los actos humanitarios y patrióticos que se organizan en esta colonia.

Las campañas de difusión para nuestro dialecto; la exasperación contra los políticos que nada hacen por el embellecimiento de los pueblos rurales; el abandono de las escuelas y las venganzas electorales, son la constante lucha de nuestro significado conterráneo.

Pola súa parte, *El Tea* (15/07/1911) presentaba así o pai de A. Guisado, integrante dunha comisión de emigrantes en Lisboa a favor da República: «*Sr. Antonio Venancio Guisado propietario del conocidísimo restaurant Irmãos Unidos sumamente relacionado aquí y en Galicia*». Cando falece a súa filla Palmira Guisado, o semanario de Ponteareas (15/06/1912) dedícalle as seguintes palabras: «*Muy sinceramente acompañamos en su justo dolor por la irreparable pérdida sufrida, al Sr. Álvarez González y demás familia, especialmente a nuestros muy estimados D. Antonio Venancio Guisado y D. Alfredo Pedro Guisado padre y hermano, respectivamente*»; o relato do semanario agrarista (22/06/1912) do enterro de Palmira Guisado informa que o cadáver foi velado polos «*empleados de los restaurants 'Irmãos Unidos', 'Gibraltar', 'Oriental', 'Corpo Santo' y 'Geraldés' [...] A los pobres fueron distribuídos 25.000 reis en sufragios por el alma de la finada. El funeral fue imponente; en el cementerio organizáronse siete turnos, siendo dos constituídos por señoras*»; deron noticia do falecemento, sempre segundo *El Tea: Diário de Notícias, Jornal do Comércio, A Lucta, O Século, O Mundo e O Dia*, todos, xornais de Lisboa.

Antonio Venâncio Guisado, segundo o historiador Hervés Sayar, sería un dos financiadores iniciais de *El Tea*. Sería tamén, como indica este semanario (06/02/1914), un dos fundadores da Sociedad de Agricultores de Pías e, na altura, 1914, «presidente honorario». Antonio Venâncio Guisado participa igualmente nos movementos que, dentro da comunidade galega de Lisboa, se distancian de calquera hostilidade para coa nova República Portuguesa. Ademais de membro de Juventud de Galicia, a través de *El Tea* (22/03/1913), sabemos que Antonio Venâncio Guisado foi obxecto dun acto de recoñecemento ao ser nomeado socio «benemérito» da Asociación Galaica de Socorros Mutuos en Lisboa, a máis antiga organización dos galegos en Lisboa. En 1936, antes da guerra, tivo outro «*merecido homenaje*», segundo *El Tea* (14/02/1936), nas instalacións da Asociación Galaica, con presenza do embaixador do Reino de España; no acto, revelador do prestixio acumulado por Antonio Venâncio Guisado (membro fundador da Asociación Galaica, segundo se pode ler na crónica de *El Tea*), Alfredo Guisado pronuncia unha conferencia:

Seguidamente hizo uso de la palabra el ilustre abogado D. Alfredo Guisado hijo del homenajeado, que agradeció el homenaje allí prestado a su fallecido padre.

Después el Doctor Alfredo Guisado inició la conferencia anunciada para aquella noche en la Galaica, bajo el tema *Solidaridad*, en la que demostró un conocimiento profundo de los beneficios que reportaría para la colonia gallega de Lisboa quitarse del aislamiento en que se encuentra, agrupándose en asociaciones mutualistas y culturales cuyos frutos más tarde serían beneficiosos para todos.

Terminó su conferencia después de haber exaltado al pueblo gallego laborioso y trabajador, y enaltecendo las bellezas naturales de la región gallega, cuya nostalgia siente en los versos de Rosalía, y que también se unen a la tierra portuguesa.

Neste marco, a formación de Alfredo Guisado, como doutros membros das xeracións máis novas dos lisboanos, estivo marcada por un certo afán



Alfredo Guisado con 6 anos (esquerda) e con 10 (dereita)

[Fotografías: arquivo da familia Guisado]

de superación. O artigo de *Vida Gallega* dedicado á familia Guisado, xa citado, destacaba:

Sus hijos reciben una esmerada instrucción en los centros docentes de la capital, obteniendo en sus exámenes notas de significado aprovechamiento. Así es que el joven Alfredo Pedro, luego que concluya sus estudios preparatorios, se trasladará a Bélgica o Alemania para seguir la carrera de ingeniero de industrial. Ninguno de sus hijos ignora la música, el *sport* y cuanto exige una educación moderna.

O interese da familia Guisado pola educación dos seus descendentes parece evidente; non só pretende darlles estudos superiores aos fillos (homes) como tamén, no caso de Alfredo Guisado (o maior dos homes), os plans

pasan por estudar en Bélxica, o cal estaría daquela ao alcance de moi poucas familias da capital portuguesa. Expresivamente, *Vida Gallega* destaca o feito de os Guisado apostaren por unha «educación moderna» que inclúe o deporte ou a música. En efecto, pola correspondencia trocada coa namorada, Maria Guilhermina Ferreira, con quen viría a casar en agosto de 1921, sabemos que Alfredo Guisado practicaba equitación. En relación aos estudos, Alfredo Guisado (probabelmente tamén o irmán Antonio) estudou as *primeiras letras* na casa cun profesor particular; en carta á súa namorada (29/07/1918), evoca ese tempo:

O meu velho professor de instrução primária, o Snr. Baptista, pessoa de que te falei várias vezes, faleceu repentinamente. Foi um grande amigo que perdi. E voltando os meus olhos por momentos para o passado, para os meus oito anos, eu ainda vejo o bom velhote, com uma paciência extraordinária a aturar-me, zangando-se comigo porque era um grande cábula, dando-me de castigo a lição maior para o dia seguinte, e ralhando-me muito. Às vezes o meu pai ouvia-o ralar, imediatamente calculava que era porque eu não estudara a lição e entrava no escritório onde estudava disposto a bater-me. Era então que o professor passava a não estar zangado e a dizer ao meu pai que não me batesse pois eu era um menino muito aplicado. E o meu pai então não me batia. Não imaginas o que me desgostou a triste nova. Ele era muito meu amigo, muito, e eu pagava-lhe na mesma moeda. Um amigo de há 19 anos, que guiou os meus primeiros passos no pouco que hoje sei.


Continuou estudos no Liceu do Carmo, un dos mellores da Lisboa daquela época, tamén frecuentado polos máis tarde membros do famoso Grupo do Orpheu, Antonio Ferro, Mário de Sá-Carneiro ou Antonio Cardoso Ponce de Leão. Unha vez acabados os estudos do Liceo, traballou no restaurante do pai, segundo relata a familia, durante algún tempo, pois, como lle confesa á namorada varias veces, Alfredo Guisado non parece moi atraído polos estudos; así, por exemplo (21/06/1918):



Alfredo Guisado, con 14 anos, en Pías
[Fotografía: arquivo da familia Guisado]


Falas-me dos estudos. Cá vou arrastando a pesada cruz ao Calvário. Sempre fui, bem o sabes, um cábula incorrigível, aborreceram-me sempre os libros e deixava sempre para as vésperas do exame o estudo. Mais uma vez assim aconteceu e eis porque mais me custa, mais me cansa, parecendo que os libros teem feitiço pois nunca mais consigo chegar ao fim deles. Parece que as páginas e as fôlhas se multiplicam. Tenho, é claro, continuado com aquela fôrça com que comecei, há pouco mais dum mês e tenho muitas esperanças de não ser derrotado; vamos a ver [...] O programa é vastissimo e o tempo é pouco.

No ano académico 1915/1916, comeza a estudar Dereito en Lisboa, curso que completa, non sen algúns obstáculos, en novembro de 1920, como testemuña unha fotografía publicada na *Ilustração Portuguesa* (29/01/1921)



Carta de Alfredo Guisado á namorada, em papel timbrado do restaurante familiar, Irmãos Unidos (24/05/1916) [Fotografia: arquivo de Carlos Pazos-Justo]

ou a carta que lle envia á namorada (24/11/1920): «Eram cinco e meia da tarde quando hoje acabei o acto grande. Finalmente livre. Já não podem duvidar os que se riam quando lhes falavam na minha formatura. Deu-me trabalho, é certo, mas foi êste acto até um dos melhores que fiz»; no día seguinte, com indifrazábel orgullo, Alfredo Guisado envía-lle unha tarxeta impresa á namorada co seguinte rótulo: «Alfredo Pedro Guisado. ADOGADO». Por outra parte, os motivos polos que Alfredo Guisado se decide a realizar unha carreira máis parece ligarse, aparentemente, á vontade explícita dos pais por veren os fillos con título universitario, como transloce a carta que A. Guisado lle envía a M. G. Ferreira o 25/07/1916:



Arriba: tarxeta enviada á namorada por carta (25/11/1920)

[Fotografía: arquivo de Carlos Pazos-Justo]

Á dereita: Alfredo Guisado coa capa de estudante (Lisboa, 1920)

[Fotografía: arquivo da familia Guisado]



Sabes perfectamente que não estou à espera de me formar em Direito para arranjar um emprêgo. O tirar êste curso, obedeceu primeiro ao querer cumprir um desejo que meus pais tinham de que seguisse uma carreira qualquer, e hoje obedece também ao eu querer oferecer à minha querida Mariazinha essa minha carreira. Mas para isso o mesmo é que esteja solteiro ou que já te tenha a meu lado como minha mulherzinha. Ainda melhor será que estejas ao pé de mim, que assim a minha avózinha zangar-se-há comigo quando eu não estudar e obrigar-me-hei dessa forma a ser muito estudioso.

A propia avoa de Alfredo Guisado, citada nesta carta, parece estar comprometida co plan familiar no relativo á formación dos descendentes: «[e]nquanto ao estudar, bem sabes que desde que me ralhou a minha avòzinha, aquela avòzinha que é todo o meu enlevo, tomei juizo e tenho estudado muito, sou talvez (sem exagero), o aluno mais aplicado da faculdade», decía-



Carta de
Maria
Guilhermina
a Alfredo
Guisado
(09/09/1922
)
[Fotografía:
arquivo de
Carlos Pazos-
Justo]

Ile en carta á namorada o 11/06/1916. O irmán, Antonio, que xestionou o restaurante Irmãos Unidos até 1970, como xa indicamos, realiza estudos de Matemáticas na Facultade de Ciências de Lisboa. Deste modo, Alfredo e Antonio Guisado serán, moi probabelmente, os primeiros Guisado (e non os últimos, certamente, dos galegos de Lisboa) en ter acceso á universidade.

En suma, como tentamos mostrar, Alfredo Guisado naceu no seo dunha certa elite da colonia galega de Lisboa, os lisboanos, e, como tal, gozou de varias oportunidades para, como veremos a continuación, formar parte de proxectos literarios e políticos vedados ás xeracións anteriores de galegos inmigrantes en Lisboa. Cómpre, por último, subliñar que o horizonte de posibilidades do mozo Alfredo Guisado, sobre 1910 e en anos posteriores, está marcado polo acceso que ten, en canto lisboano e fillo de Antonio Venâncio Guisado, a dúas redes sociais ben marcadas e con funcionalidades diferentes: a rede das orixes (o Balneario, o agrarismo, o galeguismo etc.) e a de Lisboa.

2. O ESCRITOR

A TRAXECTORIA LITERARIA de Alfredo Guisado ten inicio arredor de 1911 e vai prolongarse, con intensidade variábel, até practicamente o seu falecemento, coa publicación, en 1974, de *A pastora e o lobo e outras historias. Contos para as criacións*, isto sen contarmos coas edicións póstumas –como a presente– e o libro de poemas inédito, *Semíramis*, en mans hoxe da familia Guisado que esperamos ver algún día publicado. En tan longo período, a natureza da traxectoria literaria de A. Guisado foi ben diversa: se na década dos 10 e dos 20 intervén con textos literarios propios, despois de 1930, vai exercer, non exclusivamente, como crítico literario nas páxinas do xornal *República*.

De 1911, data o primeiro poema, «Noites de inverno» (*El Tea*, 06/01/1912), publicado por Alfredo Guisado, do que temos coñecemento. Datado en Lisboa en decembro de 1911, «Noites de inverno» supón a estrea literaria pública –na altura, con cerca de 20 anos–, no ámbito da rede das orixes, no semanario de Pontareas, *El Tea*. Ao longo de 1912 e 1913, a colaboración de Alfredo Guisado nesta cabeceira será moi intensa até o punto de publicar máis de 30 poemas, dos cales só un número limitado aparece reproducido no primeiro libro publicado polo autor, *Rimas da Noite e da Tristeza* (1913, Lisboa). En total, Alfredo Guisado publicou, en *El Tea*, 54 textos: 39 poemas, dous textos en prosa; outros dous están relacionados coa literatura e 11 son artigos xornalísticos de variado asunto; algúns destes textos están reco-

lidos no presente volume. A pesar da negativa a publicar textos en portugués, manifestada explicitamente por *El Tea* tres anos antes, Alfredo Guisado publica, aparentemente, todo o que quere neste semanario, sendo (re)coñecido por *El Tea* como o «culto poeta portugués». Deste modo, recibían así, na publicación agrarista, o primeiro poemario guisadiano antes citado (*El Tea*, 26/04/1913):

Nos enorgullece el triunfo del joven poeta, porque le consideramos como paisano nuestro a pesar de ser ciudadano portugués, pues Guisado es hijo de padres gallegos y por añadidura de esta nuestra comarca, y ha escrito la mayor parte de las poesías del citado libro en Mondariz, todas ellas respondiendo al título del libro, notas tristes, sentimentales, y de exquisita ternura. Aun escribiendo en portugués nos muestra Guisado que lleva en sus venas sangre gallega: sus poesías nos parecen inspiradas en las bellezas del *terruño*; nuestros ríos, nuestras fuentes, nuestras montañas, todo cuanto aquí es poesía ha inspirado al poeta.

O semanario de Pontearreas tamén nos axuda a entender como o fillo do empresario de éxito participa activamente na vida societaria de Juventud de Galicia. Segundo *El Tea* (10/05/1913), nunha das varias festas que alí se organizaban, Alfredo Guisado exercería tamén de poeta-conferencista ao recitar o poema «Mistério» (publicado por *El Tea* e que incluimos máis adiante) e pronunciar unha «conferencia»; segundo o correspondente:

Causó gran expectación en el sexo bello la conferencia que, en su intermedio dió nuestro amigo APG: *Algunas palabras acerca del baile*, en ellas hizo [...] una rápida descripción de la vida amorosa, lo que hace la novia al novio y éste a aquella; como se disculpan el uno al otro cuando ambos no van juntos al mismo baile, etc.; todavía cuando Alfredo afirmó que el baile hace dar vueltas a la cabeza [...] hubo un momento de hilaridad en el sexo femenino [...] Fue muy aplaudida su brillante composición dedicada *A las damas*.



*Quinta das
Camélias, antiga
casa familiar dos
Guisado en Pías
(aprox. 1920)*
[Fotografía: arquivo
da familia Guisado]

O repertorio literario presente nos poemas recollidos en *El Tea* é, en liñas xerais, o mesmo que está presente no poemario de 1913: textos en que é central o denominado neo-romantismo saudosista. No entanto, destaca a temática vinculada, dalgunha forma, ás orixes: os espazos, as personaxes ou natureza convocados remiten, inequivocamente, á súa vivencia de Pías, Pontearreas, Mondariz etc. O mundo asociado a estes espazos está moi presente na obra inicial de Alfredo Guisado ou mesmo nas cartas que lle dirixía, pouco despois, á namorada. Así, por exemplo, se refería ao mundo rural (05/08/1916):

Tomei o comboio que me conduciu a Vigo [...] durante o camiño ia vendo aquí e alí o encanto desta paisagem e os costumes desta região. Emquanto esperaba o comboio, que demorava mais duma hora, dei un passeio pelas imediações da estação e numa eira duma pobre casa de campo pude ver uma malha. É sempre interessante ver uma malha, por isso me conservei alguns momentos a vê-la. Depois voltei à estação e cheguei por fim à cidade, onde me encontrei com aquela vida de todas as cidades,



Alfredo Guisado e Maria Guilhermina Ferreira no casamento (Lisboa, agosto de 1921)
[Fotografia: arquivo da família Guisado]

aquela vida monótona e febril [...] Amanhã é dia de romaria aqui, na aldeia. Os S.S. Nomes de Jesus, festa numa capela que branqueja no cimo dum outeiro, onde se fazem muitas promessas.

A querenza pola terra das orixes tamén está presente nos plans que, en canto noivos, Alfredo Guisado lle ía segredando á namorada (en carta do 19/09/1919):

Temos sonhado, Amor, muitas veces como há-de ser a nossa casa de Lisboa, mas nunca idealizamos bem como há-de ser o nosso lar da província [en Pías]. Aquela minha casa da província fica à beira da estrada, numa estrada longa, branca, curvando-se a buscar a com[panhia] e o mistério dos pinhais. As suas janelas que poucos meses no ano se abrem, olham para a paisagem. De dia riem as andorinhas nos beirais do telhado e poisam depois satisfeitas nos fios do telégrafo que passam em frente da varanda, como querendo dizer ao mundo que sentem a ternura infinita daquele sol, daquela Terra e daquela Raça. No 1º andar, porque é aí que havemos de ter



*Alfredo
Guisado, Maria
Guilhermina e
os fillos,
Palmira e
Alfredo (Lisboa,
aprox. 1928)*
[Fotografía:
arquivo da familia
Guisado]

o nosso aposento, [...] iremos até à quinta. Em volta de nós o brincar do Sol, a suavidade da brisa, o sussurro prolongado do arvoredado. Iremos dar de comer às pombas que, em vôo, a saltitar, delicadas, impacientes, andarão à nossa volta para poisarem enfim serenamente a contarem os grãos de milho dourados como estrelas. [...] estando eu ao pé de ti como estarei sempre, a tua voz impaciente, a tua voz de mãe, gritará do varandim que deita para a quinta:

– Alfredo, vem, meu filho, não brinques mais, são horas de voltar para a casa.

É um pequenito de cabelos compridos, a vir, a vir, a saltar, atravessará a eira, subirá as escadas apressadamente e atirar-se-há para os nossos braços a beijar-nos, a abraçar-nos, nosso, muito nosso.

Vê la tu, meu Amor, como eu sonho o nosso futuro, a nossa vida.

En *Rimas da Noite e da Tristeza* (dedicado «A minha Mãe/A meu Pai»), consta o poema «Duas Terras», recollido máis adiante no presente volume e que lle dá título ao prefacio da familia Guisado neste libro, onde a presenza da terra das orixes é formulada en termos positivos ou afectivos; con evidentes ecos de Rosalía de Castro –sempre moi presente nos textos literarios e outros de A. Gui-


sado– escenifica a problemática da identidade, da dupla identidade, en función especificamente do fenómeno migratorio galego cuxo destino foi Lisboa.

A partir dos inicios de 1914, a traxectoria literaria de Alfredo Guisado vai seguir novos camiños, o cal non impide que, en 1915, lle dedique dous sonetos a Amado Garra –líder dos republicano-agrarias de Punteareas– nun número de homenaxe a este «caudillo de la causa agraria» en *El Tea* (28/05/1915); baixo o título «A reza do cavador», Alfredo Guisado introduce, por primeira vez de forma evidente, a temática agrarista na súa literatura máis modernista.

Modernista, si, pois, como se sabe, Alfredo Guisado é recoñecido na historia da literatura portuguesa, sobre todo, por formar parte do que se chamou Grupo do Orpheu que, sinteticamente, promoveu unha ruptura coa literatura anterior, tendo como líder indiscutido o escritor Fernando Pessoa e os seus heterónimos. A esta nova orientación literaria deben adscribirse os libros de poemas posteriores como *Distância* (1914) ou *Elogio da Paisagem* (1915). Como se pode apreciar, na traxectoria literaria do noso autor, comeza a funcionar intensamente a rede lisboeta cuxa orixe debe estar no Liceu do Carmo antes citado. A pesar do cal, A. Guisado non deixa de darlle a coñecer as súas novas propostas poéticas á rede das orixes, tentando exercer de intermediario dos modernistas e darlle seguimento ao plan de internacionalización da proposta literaria do Grupo. Sobre o poemario *Distância*, pronunciábase así en *Vida Gallega* (25/06/1914):

Joven el Sr. Guisado, tal vez en plena lectura de los modernismos transpirenáticos, muestra la influencia de la modalidad anteclásica en algunas de sus composiciones. Estos atrevimientos métricos, que muchas veces dan con la clave de la elegancia y que llevan auras de alegre renovación al horizonte poético, son otras veces ilógicos y dislocados y ni renuevan con beneficio para las letras ni resuelven el problema onomatopéyico que casi siempre esconden detrás de su aparente inocencia [...].

Entre Mondariz y Punteareas está el hogar de sus mayores. Esas umbrías y esos cielos y esas fontantas hablan con ritmos galicianos y sienten



Carta co poema «Elegia das tuas mãos» enviada por
Alfredo Guisado á namorada (08/12/1916)
[Fotografía: arquivo de Carlos Pazos-Justo]

en la lengua de Rosalía. ¿No haría bien en escribir para nosotros? Podría ser un gran poeta regional, un gran poeta nuestro. Es doloroso que, teniendo nuestra sangre, pueda ser un gran poeta extranjero.

Vida Gallega (20/05/1916) tamén vai corresponder cunha crítica literaria ao poemario *Elogio da Paisagem*:

Alfredo Pedro Guisado no es escritor gallego, pero descende de gallegos y nos interesa su paso por la literatura portuguesa. No hace mucho tiempo hablamos aquí de un libro suyo de versos. Lo hicimos con aplauso. Hoy nos complace aplaudir también su *Elogio da Paisagem*, colección de poesías que nos envió con atenta dedicatoria.

Como se pode apreciar, en *Vida Gallega*, recoñecen o autor e aplauden o novo volume. De seguido, no entanto, sen calquera transición retórica, lanzan:

Gran parte de la juventud literaria del vecino reino entró a roso y vellosa por los campos del *futurismo* y debe tenerse en cuenta esta influen-

cia, la proximidad de esta nueva enfermedad literaria, para disculpar ciertos simbolismos del Sr. Guisado que obscurecen su producción [...].

Esos *futuristas* no son elegantes, ni artistas, ni poetas, ni nada, y los escritores que tienen sensibilidad y, sobre todo, buen sentido, deben huir hasta de su sombra. Por esto no nos cansaremos de pedir al Sr. Guisado que *beba en su vaso* –que es de buena medida- y no se deje infeccionar por la disparatada moda.

Parece evidente, nestas críticas literarias, que as innovacións literarias, na dirección modernista, non parecen ser do gusto particular na rede das orixes...

O Grupo do Orpheu, formado por Fernando Pessoa, Mário de Sá-Carneiro, Almada Negreiros, o propio Alfredo Guisado e outros, ficou así nomeado pola revista *Orpheu* que lanzaron en marzo de 1915 e, dígase de paso, acostumaban reunirse no restaurante dos Guisado, o Irmãos Unidos, onde estivo exposto un famoso cadro de Almada Negreiros que retrata a Fernando Pessoa. No primeiro número da revista, Alfredo Guisado, alén de contribuír financeiramente, figura como administrador e intervén con trece sonetos, máis tarde recollidos no poemario *Ânfora* (1918). No entanto, foi tal a repercusión, negativa en termos xerais, que os autores pasaron a ser coñecidos como os «malucos do Opheu» na Lisboa da altura. Alejo Carrera daba conta da polémica nas páxinas de *El Tea* (09/04/1915), sendo esta unha das primeiras noticias acerca dos modernistas do Orpheu que apareceu fóra de Portugal:

Hace unos días vió la publicidad una revista trimestral de literatura que tiene por título *Orpheu*. En ella colabora un grupo de poetas que dan por el nombre de *paúlicos* o sea el nombre de la novísima escuela poética que sus discípulos quieren hacer popular o célebre. Ese grupo de jóvenes son: Mário de Sá Carneiro, Luis de Montalavôr, Ronald de Carvalho, Fernando Pessoa, José de Almada Negreiros, Côrtes Rodrigues, Alvaro de Campos, Alfredo Pedro Guisado y como editor figura Antonio Ferro.

Nosotros quisiéramos conocer a fondo la poesía portuguesa para formular una opinión propia referente a la escuela sustentada por estos

jóvenes literatos, que hoy son señalados por las calles como innovadores de la musa lusitana.

Innecesario se hará decir a nuestros lectores que la primera edición se está agotando, porque hoy no hay nadie que no desee leer la ya célebre revista *Orpheu*, tan raras, rarísimas, son las inspiraciones que la misma contiene. Los llamados *paúlicos* han aguantado sobre ellos la implacable metralleta de la prensa cotidiana lisbonense. Algunos diarios llegaron a dar la palabra al doctor Julio de Mattos, versado en enfermedades mentales.

E máis adiante:

A Capital lleva su crítica al extremo siguiente:

«Los colaboradores de *Orpheu* nunca se rebelaron como literatos sino en manifestaciones idénticas a las que llenan las páginas de la revista, y de ahí no es posible juzgar su valor real. Lo que se concluye de la lectura de los llamados poemas, subscriptos por Mário de Sá Carneiro, Ronald de Carvalho, Alvaro de Campos y otros, es que pertenecen a una categoría de individuos que la ciencia definió y clasificó dentro de los manicomios, mas que pueden, sin mayor peligro, andar fuera de ellos...».

Como los lectores de *EL TEA* observarán, los críticos literarios de este país no son para bromas. Por otra parte, los llamados *paúlicos*, que parece tienen la monomanía de los puntos suspensivos, no se atemorizan y continúan a *outrance* imponiéndose e imponiendo su atrevida escuela, aunque, como es natural, no encuentra grandes adeptos en el pueblo.

Sin embargo, ello es un buen síntoma, pues demuestra que hay cerebro y que, cada uno en sus diversos modos de pensar, tiene el buen deseo de legar a su patria una obra de grandeza, literaria.

Todo parece indicar que o rexeitamento frontal, maioritario, do campo literario portugués da altura á proposta do Grupo do Orpheu vai pór en dúbida a implicación de Alfredo Guisado, que non participa no segundo número da revista, e, en última instancia, vai supor o declive do propio grupo. A reper-



Alfredo Guisado xunto a outros membros do Grupo do Orpheu en crónica de O Notícias Ilustrado, 24/02/1929, páx. 8

cusión mediática dos do Orpheu, frecuentemente vinculados a posicións políticas conservadoras e/ou monárquicas, non sería, con certeza, a adecuada para quen estaba vinculado, como veremos, aos republicano-agrarias do Condado ou ao Partido Democrático Portugués. Por outro lado, probablemente con máis relevancia, as críticas, comentarios xocosos e burlas para cos «malucos de Orpheu», con certeza, preocuparon o pai, Antonio Venâncio Guisado, que, até o momento, sufragara as onerosas actividades literarias do fillo. Luís Dantas (2010) recolle esta declaración de A. Guisado que axuda a entender a posición da familia Guisado perante esta situación:

Ficava extasiado [Luís Dantas] a ouvir as suas aventuras literárias, os pormenores da grande barulheira que provocou o primeiro número da revista *Orpheu*, em 1915, os mexericos dos gazeteiros, o fogo do inferno a lavar nas ruas, nas vaías, nas troças e nos gritos da cachorrada: malucos, para Rilhafoles, malucos para Rilhafoles!: «Foi tal o banzé», disse-me o autor de *Xente da Aldea: Versos Gallegos* (1921), «que o meu pai ameaçou cortar-me a mesada, se publicasse mais versalhadas naquele pasquim. Tinha já deixado uns sonetos ao Mário de Sá Carneiro para o próximo número de Abril, Maio e Junho. Fui ter com ele para resgatar o manuscrito, com a desculpa de que ia manter a minha colaboração, mas com assinatura reconhecida pelo notário!».

Neste sentido, o distanciamento guisadiano do Grupo do Orpheu reflicte, moi probabelmente, a fragilidade da posición que os galegos residentes en Lisboa, a familia Guisado en particular aquí, ocupan no espazo social portugués: após décadas, séculos, de traballo para medrar socialmente, continúan, na práctica, a estar máis expostos perante a sociedade que os acolle, nomeadamente se pensarmos na imaxe maioritariamente negativa que, dos galegos emigrantes, funcionaba na Lisboa da altura.

Sexa como for, o encuberto afastamento do proxecto do Grupo do Orpheu implicou o aparecemento dun novo pseudónimo guisadiano, Pedro de Menezes, co cal vai asinar os seguintes libros: *Treze Baladas das Mãos Frias* (1916), *Mais Alto* (1917), *Ânfora* (1918) e *A lenda do Rei Boneco* (1920). Pedro de Menezes, pseudónimo formado a partir do segundo nome do autor e dun apelido de familia, xúntase así a outros que o autor xa utilizara ou iría utilizar no futuro: Refaldo Brila, Alfredo Abril, João de Lobeira ou Filomeno Dias. Os libros de poemas *Ânfora*, xunto con *Elogio da Paisagem*, *As Treze Baladas das Mãos Frias* e *Mais Alto*, virían a ser novamente editados, en segunda edición, no volume *Tempo de Orfeu* (1969), co consentimento insistente de Alfredo Guisado.

Acerca da vinculación de Alfredo Guisado ao Grupo do Orpheu, cabe aínda citar un episodio, mencionado no prefacio da familia Guisado, que nos

fala da orixe galega dun dos heterónimos de Fernando Pessoa, o ficticio poeta Alberto Caeiro. Segundo sabemos, Alfredo Guisado colabora con Fernando Pessoa para facerlle crer a outro membro do Grupo a tal orixe, fornecendo papel timbrado do Ateneo de Vigo por medio de Amado Garra; e nunha escenificación epistolar remitida a F. Pessoa cita, como se pode ler deseguido, o propietario do Balneario de Mondariz, o cal esclarece a relación de proximidade entre este e Guisado e que esta amizade era coñecida polos restantes membros do grupo lisboeta:

Estive ontem uns momentos em Mondariz conversando com o Romão Peinador. E no parque apareceu também aquêl indivíduo que se chama não sei quê Caeiro e que já por cartas e por mais duma vez, em Lisboa, lhe falei dêle. Estivemos falando um pouco. É um indivíduo deveras esquisito. (Carta a Fernando Pessoa, 01/10/1914)

A intervención literaria de Alfredo Guisado mantense a bo ritmo –publica, practicamente, un libro por ano– até 1922, período que coincide, como veremos, coa súa maior implicación no campo político portugués. Por outro lado, en termos xerais, é evidente na traxectoria guisadiana o recurso literario á rede das orixes, nomeadamente, á representada polos galeguistas.

A partir de 1919, o labor literario de Alfredo Guisado está crecentemente presidido polo seu papel intermediario nas relacións galego-portuguesas, desde 1916 reforzadas co xurdimento das Irmandades da Fala. Nesta dirección, podemos ver en A. Guisado un divulgador ou promotor da literatura e cultura galegas en Lisboa. É neste contexto que, recuperando o seu nome – Alfredo Guisado–, publica novo poemario, *Xente d’a Aldea. Versos Gallegos*, cun deseño de Castelao na capa e a el dedicado, en Lisboa no ano 1921, publicación que fai agora cen anos e que reeditamos neste volume.

O novo libro guisadiano é unha proposta literaria xenuína e heteroxénea: xenuína por, escrito na variante galega, significar unha intervención literaria inédita no contexto portugués; heteroxénea por, como veremos a continuación, nutrirse de elementos e temáticas de diferente procedencia.

Así, nos poemas «A Desconocida» ou «As Fontes», principalmente, é apreciábel a estética modernista que os aproxima á poesía dos libros anteriores vinculados á súa participación no xurdimento do que acabou por chamarse o primeiro modernismo portugués. Xa nos poemas «Esfolladas» (nesta antoloxía recollemos tamén outro de título «Esfolladas» publicado en *El Tea*), «A Miña Aldea», «O Cantar d'a Fiadeira», «A Procesión», «Á Lareira» ou «A Fiar», é perceptíbel o recurso a temáticas ruralizantes –sempre cun sentido de evocación afectivo ou até positivo do mundo rural– en liña con outros autores galegos da época ou de determinada Rosalía de Castro, especialmente no que se refire ao tratamento da emigración. Esta deriva folclórica, poderíamos dicir, estaba xa presente nos primeiros textos publicados en *El Tea*; pénsese no poema «Fantasmas», recollido no presente volume, onde o autor parece literaturizar memorias da infancia asociadas á Santa Compañía.

Noutros poemas, a temática vincúlase a outras lóxicas. Así, por exemplo, en «Ô Volver pr'a Casa» e «O Enterro», a pesar de recrear ambientes rústicos, o autor insire notas reivindicativas, como é evidente nos últimos versos do segundo dos poemas citados:

E toda a xente camiña,
Como se en alma bordada
Fose ali, de defuntiña,
Galícia, a martirizada.

Noutros textos, a temática afín ao programa cultural e ideolóxico dos galeguistas é máis que evidente. En «Castillo d'o Sobroso» o autor xoga coa idea do pasado e un novo futuro («Conquistemos de novo a nosa Terra. / Ergueivos, despertai, que pra axudarnos, / Hast'a luna n'ó céo é un-ha fouce»), onde a influencia do poeta Ramón Cabanillas, asiduo no Balneario de Mondariz, parece sentirse.

Cómpre apuntar que o castelo de Sobroso, en ruínas na altura, foi reconstruído por Alejo Carrera Muñoz. Este, permítasenos o aparte, chegara a Lisboa aínda adolescente para gañar a vida, e alí funda a Agência Telegráfica



*Antonio e Alfredo
Guisado con
outras persoas
(Pías, 1917)*
[Fotografía: arquivo
da familia Guisado]

Rádio, así como crea unha empresa para a distribución de publicacións periódicas, portuguesas e internacionais; en 1916, contando só con 23 anos, é nomeado «socio adjunto» da Real Academia Gallega; en 1920, recibe, do Goberno portugués, a «Orden de Santiago y la espada con la categoría de oficial» e, no mesmo ano, é nomeado «Caballero de la Real Orden de Isabel La Católica» polo Goberno español; Alejo Carrera será tamén o primeiro alcalde republicano de Mondariz en 1931.

Volvendo ao castelo de Sobroso: presumiblemente era o protagonista de numerosas lendas entre as xentes dos arredores; lendas que aparecen cando Alfredo Guisado rememora as súas orixes ao escribirlle á namorada como, por exemplo, nesta pasaxe en que evoca a súa madriña (19/09/1920):

Contava-me várias histórias de moiras encantadas e de rainhas que tinham vivido num castelo em ruínas que fica próximo da aldeia do meu pai, castelo que havemos de, quando formos casados, ir visitar. Já várias

Maria Guilhermina e a filla, Palmira Guisado, en Pías (aprox. 1950)

[Fotografía: arquivo da familia Guisado]



vezes te tenho falado nele: -é como um monge de granito vigilante, sôbre um outeiro que foi testemunha certamente de contendas e lutas medievais. Do cimo das suas paredes já gastas dos séculos que as beijaram, divisa-se, ao longe, uma paisagem encantadora.

Continuando coa poesía de *Xente d'a Aldea*: en «El y Ela», publicado anteriormente en *A Nosa Terra* (25/09/1919) e en moldes similares aos que adoptara o coñecido poeta monzanense João Verde («a Galiza mail'ó Minho, / são como dois namorados»...), resalta a tematización dos vínculos galego-portugueses nunha relación amorosa entre Galiza (a noiva) e Portugal (o noivo). Pola súa banda, o poema «A Voz de Galícia» (publicado por primeira vez en *El Tea*, 23/04/1921) parece mesmo elaborado para a homenaxe que a colonia galega de Lisboa lle dedicou ao soldado descoñecido após a participación portuguesa na Primeira Guerra Mundial, da que falaremos máis adiante. Neste poema, a relación de parentesco é de irmandade (como no poema tamén recollido aquí «Dois irmãos», publicado máis tarde en *El Pueblo Gallego*), dous irmáns que teñen un percorrido paralelo («Viñemos ô mundo xuntos, / Co'ó mesmo céo nos vestimos»). Por outro lado, este e outros textos de *Xente d'a Aldea* parece que inspiraron o lisboano xa ante-



Banquete de homenaxe a Ramiro Vidal Carrera; Alfredo Guisado, o primeiro sentado á dereita (Lisboa, 1927)
[Fotografía: arquivo de Miguel Regojo]

riormente mencionado, Ramiro Vidal Carrera, que lle dedica un breve relato, «Vida d'a aldea», e ao «meu querido amigo o poeta Dr. Alfredo P. Guisado» o seguinte poema publicado en *El Tea* (03/06/1922):

CANTARES

Cantay mociñas, cantay
N'a lengoa d'a nosa terra,
Qu'unque España non o queira
Non hay lengoa como ela...

Sempre meiga, sempre terna
A mociña que ben canta,
Pero cantando gallego
Esparraman'a frangancia.

Hastr'alá no firmamento
Ond'están os anxeliños,
Cando gallego lles cantan
Bailan todos, coitadiños.

Un ala-lá ben cantado
É compendio d'armonía;
Santa oración d'unha raza
Ala-lá da miña vida...

Almas de París ou Londres
De Madril ou Wasitón,
Soio con un ala-láa...
Poden sentir emoción.

Nos frescos campos nacidos
Por rouxinois inspirados,
Os cantares de Galícia
Soilo Dios pode imitalos...

O poema que fecha *Xente d'a Aldea*, «¡Galícia!» (publicado, pouco antes da impresión do libro, no *Diário de Lisboa*), vehicula outro dos elementos centrais do programa ideolóxico dos galeguistas (compartido, en parte, co agrarismo): a idea dunha Galiza abandonada e «prisioneira» polo poder central que precisa e quere liberarse. Esta temática nutre igualmente o conto en prosa, «A Lareira. O Tío Xan», tamén incluído neste volume, que Alfredo Guisado lle dedica a Orimar (pseudónimo de Ramiro Vidal Carrera) nas páxinas de *El Tea*.

Xente d'a Aldea foi obxecto de varias críticas literarias, tanto en Galiza como en Portugal. Por inscribirse na terra das orixes en sentido restrinxido, anotamos aquí a recepción do semanario agrarista de Pontearreas (03/7/1921):

Con una cariñosa dedicatoria de su autor, hemos recibido *Xente d'a aldea*, colección de versos gallegos y los primeros que en nuestro idioma escribe nuestro querido amigo el Dr. Alfredo Pedro Guisado.

Xente d'a aldea es una brillante continuación de aquellos versos más sentimentales de *Rimas da noite e da Tristeza* y *As treze baladas das maos frias*, que tan elogiadas fueron por la crítica y de cuyas composiciones son algunas conocidas por nuestros lectores.

Nosotros esperábamos estos versos en gallego, pues sabiendo lo mucho que a Galicia quiere su autor y el espíritu de confraternidad galáico-portuguesa que inspiran muchas de sus numerosas composiciones juntamente con el parentesco de nuestro idioma con el luso, era de presumir que no pudiese resistir la tentación de escribir en gallego que tantas veces debió haber sentido.

Na eloxiosa atención de *El Tea*, destacan as referencias á obra anterior que, parcialmente, acompañara o semanario nas súas páxinas e, especialmente, a «confraternidad galáico-portuguesa» e o «parentesco» das linguas; a crítica de *El Tea* saúda positivamente o uso do «gallego». Máis abaixo:

Xente d'a aldea es un libro casi de nuestra localidad. Dirigiéndose a Pías dice:

Miña aldea, miña aldea,
Meu fuso do ouro parado,
Meu palacio abandonado
Miña apagada candeia
Que alumbrou n'ó meu pasado.

En un hermoso soneto que dedica al castillo de Sobroso, llámale «vello frade» del pasado.

En boca de Galicia pone estos versos:

Portugal, meu hirmanciño
A soedade e nosa nay,
Nosos berce, o río Miño.


Asunto para otras poesías son nuestras procesiones, charlas maternas en el hogar, charlas amorosas, nuestras costumbres aldeanas de la que resalta una composición «As esolladas», etc., etc. De esto deducimos que *Xente d'a Aldea* nació en Pías y por eso decimos que es una obra casi local de gran mérito.

La portada del lujoso tomo es una acuarela de Castelao, muy expresiva.

Aínda en relación a *Xente d'a Aldea*, cabe destacar o feito de o poemario dar noticia de *De mans erguidas*, libro non nato, eventualmente perdido como gran parte do legado guisadiano.

A partir de 1923, é notoria unha redución das intervencións literarias de Alfredo Guisado. Fronte ao bastante regular lanzamento de libros desde 1913, publicando case un por ano até 1921, como dicíamos, despois desta data publica: en 1927, *As Cinco Chagas de Cristo*, *Tempo de Orfeu* (1969) e *A pastora e o lobo e outras histórias*.

Portada de *Tempo de Orfeu* (1969)



Contos para as crianças (1974); após o seu falecemento, vería a luz o *Tempo de Orfeu II* (1996), ficando aínda inédito o manuscrito *Semíramis* xa mencionado. Paralelamente, como veremos máis adiante, durante esta década, a dos 20, o percorrido guisadiano está marcado polo seu crecente vínculo coa política e, após o golpe militar de 1926, polas duradeiras actividades vinculadas a grupos de oposición á ditadura portuguesa. Por outro lado, a Guerra

Civil de 1936 vai supor tamén un obstáculo determinante para o mantemento das ligazóns con Galiza, en xeral, e co galeguismo, en particular, unha vez que este foi censurado e perseguido en Galiza.

En 1923, participa no número especial de homenaxe que *El Tea* lle dedica a Amado Garra co poema «¡Sobredo!» (01/04/1923), que consta neste volume. Por certo, nese número, o semanario de Ponteareas publicaba unha fotografía de Alfredo Guisado indicando que era, resumidamente, diplomático e xefe do Partido Republicano; días máis tarde, *El Tea*, a pedimento do noso autor, publicaba unha rectificación.

En «¡Sobredo!», escrito na variante galega, destácase, na primeira parte, a tematización de Galiza como vítima, fronte a «Castela» e como «Triste nay desta Soedade», elementos propios fundamentalmente dos repertorios galeguistas. Na segunda parte, é evidente a referencia explícita ao acontecido en Sobredo (no concello de Tui), no ámbito das reivindicacións agraristas do 27 de novembro de 1922, cando a Garda Civil deu morte a tres persoas e provocou varios feridos. Os últimos versos («Porque-sabedeo tod'a xente – / Pr'o Sol nacer, aparece / Todo de sangue o nacente») lembran, outra vez, a literatura agrarista de Ramón Cabanillas da década anterior. O ton da segunda parte do poema remítenos, dalgunha forma, tamén ao libro en galego anunciado, *De mans erguidas*, do cal, infelizmente, non temos máis noticias.

Varios anos máis tarde, Alfredo Guisado publica unha crítica literaria que *El Tea* recollía baixo o título «Juicio público sobre el libro *Fuchicadas*» (13/12/1927); o tal *Fuchicadas* estaba asinado por Pedro Borreiro, pseudónimo do empresario e militante agrarista Saturnino Piñeiro Groba de Ponteareas, irmán de Manuel Piñeiro Groba (director de *El Tea* a partir de 1914), e que sería un dos patrocinadores, ao lado de Antonio Venâncio Guisado, das iniciativas dos republicano-agraristas do Condado. Alfredo Guisado apuntaba no texto sobre a literatura galega:

Son daqueles que teem uma grande admiração pela literatura galega.
Rosalia Castro cuja obra mais merece ser rezada do que lida; Curros
Enríquez que soube transformar a sua pena em agresiva lança e muitas

Antonio e Alfredo Guisado
(Lisboa, 1926)

[Fotografía: arquivo da familia
Guisado]




vezes a manejou com o carinho e com a ternura de quem só desenha Alma nas suas palabras; Ramón Cabanillas, um dos mais interesantes poetas da Península e tantos outros, tenho-os como dos mellores autores entre os libros que posseo. Ultimamente essa literatura que esteve um pouco esquecida, voltou a erguer-se triunfante, ativando para o mercado quer em prosa quer em verso, com algumas obras que qualquer literatura de Europa desexaría contar como suas.

Os últimos anos da década dos 20, no relativo aos vínculos literarios coas orixes, están presididos pola activa participación de Alfredo Guisado na organización da malograda Semana Portuguesa na Galiza. A partir de aí, serán moi escasas as pistas que temos acerca das relacións que mantén co mundo galego en Lisboa e no Condado. Ademais, como xa foi indicado, de aquí en diante, a intervención literaria é case nula, pois só, en 1974, publica novo libro, *A pastora e o lobo e outras historias. Contos para as criançás*.

Podemos entender, panoramicamente, que Alfredo Guisado fecha, a finais dos anos 20 do século pasado, a súa faceta de autor literario máis activo, o cal non implica, segundo as evidencias encontradas, que o seu interese

ARTISTAS E POETAS FILHOS DE GALEGOS



O pintor Vellozo Salgado num canto do seu elegante lar, acompanhado de sua esposa.



O poeta Alfredo Pedro Guisado.



O pintor Varela Aldemirs.



A «discuse» D. Helena Cid.



Varela Cid, ilustre pianista e professor do Conservatorio Nacional de Musica.

AS GRANDES FIGURAS DA COLONIA



Dr. Inacio Fortes Lemos.



Amadeu Alfredo Ferreira Couñago, socio da casa bancaria Ventura, Coelho &




D. Maria Helena Soares Va- Agapito Serra Fernandes.



Manuel Casal Amoreiro.

22-10-1960



Os três últimos sobreviventes do «Orpheu» — Alfredo Guisado, Cortes Rodrigues e Almada Negreiros — reunidos na terça-feira passada no Restaurante «Irmãos Unidos»

OS DO «ORPHEU»

*Alfredo Guisado con
compañeiros do
Grupo do Orpheu en
1960. República,
22/10/1960*

pola literatura esmorecera. Ao contrario: os numerosos artigos que publica sobre literatura, sobre a experiencia modernista do Grupo do Orpheu designadamente, nas décadas seguintes no xornal *República* –dos cales recolleemos tres neste libro– son boa proba.

Por último, en relación ao seu labor como escritor, convén ter presente que, no Portugal de hoxe, Alfredo Guisado, a pesar de formar parte do movemento literario máis recoñecido das letras portuguesas, o Grupo do Orpheu (con singular relevancia para Fernando Pessoa), é un autor menos visíbel e, para algúns, lateral. Como afirmou, con bastante éxito, o historiador da literatura portuguesa Óscar Lopes (1973) «o mais injustamente esquecido dos poetas de *Orpheu* é Alfredo Guisado». Probabelmente, este esquecemento, que en parte tamén se verifica nas letras e cultura galegas, está relacionado coa posición que o autor ocupa desde 1927 até practicamente a súa morte, a de membro da oposición á ditadura portuguesa. Esta posición, entendemos, debeu dificultar o seu recoñecemento na república das letras lusa, máxime se temos presente que os escritores de Orpheu foron progresivamente visibilizados e celebrados a partir de 1927, xa en tempos de ditadura en Portugal.

3. O POLÍTICO

SE, COMO SE APUNTOU, a traxectoria literaria de Alfredo Guisado está marcada, en termos xerais, por se vincular a movementos portugueses mais tamén á literatura rexionalista ou galeguista coetánea, o percorrido político reflicte igualmente estas dúas liñas de forza: a participación activa na política portuguesa e a adhesión militante a causas da terra das orixes; sendo que as varias actividades ao lado de grupos galegos, en Pontearreas ou en Lisboa, van significar os primeiros pasos de Guisado nos movementos sindicais e políticos.

Durante o primeiro lustro da década dos anos 10 do século pasado, Alfredo Guisado, como membro da colonia galega de Lisboa e activo e coñecido lisboano na terra das orixes, participa activamente na organización e nos rumbos do movemento agrarista, nomeadamente o representado por *El Tea* do republicano agrarista Amado Garra, tanto nas terras do Condado, como en Lisboa. Cabe apuntar que Alfredo Guisado, fillo dun destacado lisboano e sen máis preocupacións que as derivadas do traballo no restaurante familiar, sería, con certeza, un axente atraente para os plans dos agraristas metropolitanos, de Amado Garra designadamente, interesados en establecer vínculos cos grupos da emigración portuguesa ou americana para divulgar a súa causa e, non menos importante, obter recursos de variado tipo.

Neste contexto, Guisado inicia o seu percorrido de intervención social e política como axente agrarista sendo recrutado para participar na «comisión




Alfredo e Antonio Guisado con amigos diante da que fora a primeira sede da Asociación de Agricultores de Pías (aprox. década de 1920)
[Fotografía: arquivo da familia Guisado]

nombrada para redactar el reglamento porque se ha de regir la sociedad de agricultores que se proyecta fundar en esta parroquia» de Pías, a súa parroquia de orixe (*El Tea*, 06/09/1913). Paralelamente, esta iniciativa dos agraristas do Condado ten o seu reflexo na colonia galega de Lisboa, onde reúne, presumiblemente coa participación de Alfredo Guisado, o «Comité auxiliar de la Sociedad de Agricultores» de Pías. Comeza así un período caracterizado pola intensa implicación do noso autor na causa agrarista, participando activamente tanto nas asociacións metropolitanas como nas da colectividade lisboeta, até, *grosso modo*, 1918.

Os capitais atesourados por Alfredo Guisado van situalo, en 1914, á fronte, como presidente, da «Unión Agraria de los agricultores del partido judicial de Puenteareas en Lisboa» (*El Tea*, 24/04/1914). En canto presidente desta asociación, promove o plan que pretende «acordar la fundación de una colectividad para pugnar por el engrandecimiento de la provincia». O correspondente en Lisboa, Alejo Carrera, fíxose felizmente eco do discurso de Alfredo Guisado, incluído neste volume, baixo o título «Crónica de Lisboa.

Asamblea agraria imponente». No discurso do autor de *Xente d'a Aldea*, evidénciase o seu inequívoco vínculo co movemento agrarista; mais especificamente con función principal que, como axente deste, vai levar a cabo na imaxinación e consolidación deste en Lisboa. Como membro dos agraristas, cómpre indicar que as súas intervencións parecen ter, a miúdo, unha orientación rexionalista. De feito, Alfredo Guisado será un dos promotores da Unión Agraria de Galicia en Lisboa, como testemuña a crónica de Alejo Carrera (*El Tea*, 07/05/1915), tamén incluída na escolma deste volume. Pouco tempo despois, será elixido presidente da «Asamblea general» da Unión Agraria de Galicia en Lisboa, sendo o pai «Vocal» do «Consejo Fiscal» (*El Tea*, 09/07/1915). Paralelamente, Alfredo Guisado é un dos dinamizadores da Sociedad de Agricultores de Pías, como evidencian diversos artigos de *El Tea*, algúns recollidos máis adiante.

A súa aberta militancia agrarista vai enfrontarse coa hostilidade das autoridades locais e provinciais, de signo caciquil, que ostentan o poder na terra



Documento da
Sociedad de
Agricultores de Pías
(1922)
[Arquivo da familia
Guisado]

das orixes. En carta ao seu amigo (e futuro home forte do sistema de propaganda da ditadura de Salazar), Antonio Ferro, Alfredo Guisado confesaba (08/08/1914):

Não te respondi mais cedo, debido ao ter tido os días todos ocupados com esta cuestión do partido agrário que está agora um pouco bicuda.

Recebi ontem por um policía, uma intimação do administrador do concelho de Punteareas, que por ordem do Governador civil me intimava, debaixo de grave responsabilidade para mim, a não consentir conferências, nem assembleias gerais extraordinarias, nem comícios na sêde da Sociedade de Agricultores de que eu sou presidente.

Com vês, meu amigo, a coisa está feia e eu, se não quero ir dar com os ossos na cadeia e ser condenado, tenho de só me limitar a consentir quatro reuniónes na sede da Sociedade, por ano.

É um escândalo! mas que queres, aqui quem manda são eles. Creio que os presidentes das outras Sociedades receberam idênticas intimações. Escrevo-te hoje que tenho algum tempo.

Pasados tres anos, en 1917, o Goberno Civil aplicoulles multas a varios membros do agrarismo do Distrito de Punteareas, entre eles, a Alfredo Guisado (*El Tea*, 26/10/1917). Segundo o semanario agrarista, para facer fronte ás multas, os agraristas organizan unha subscrición á que Antonio Venâncio Guisado contribúe con 50 pesetas e Alfredo Guisado, con 100. De 1918, un ano despois deste incidente, data a última intervención significativa de Guisado nas liñas do agrarismo.

Paralelamente á súa participación activa no agrarismo, segundo Lúcio Vidal (1999), é durante eses primeiros anos da década dos anos 10, cando frecuente o Liceu do Carmo, que comezan a significarse os vínculos guisadianos co Partido Republicano Portuguê. Neste sentido, importa subliñar a concordancia ideolóxica co republicanismo de Antonio Venâncio Guisado, non sendo, logo desde o inicio, nin a política nin o republicanismo algo alleo á vivencia familiar dos Guisado. Por outra parte, cabe ter presente que Amado

EL TEA

En Pontevedra: Trimestre, una peseta 25 céntimos.— En toda España, Semestres 3.— En Portugal: Año, 8 pesetas.— En América: Año, 12.
Pagos adelantados.— Número suelto 15 céntimos.

Decenario político independiente
SE PUBLICA LOS DÍAS 3, 13 y 23

Defensor de los intereses del distrito de **Pontevedra**.

AÑO XVIII 2.ª ÉPOCA

Toda la correspondencia literaria y de administración dirigirse a Cánovas, 8.—PUNTEVEDEA.

Pontevedra, 1.º de Abril de 1923

Anuncios por tarifa.

NÚMERO 405

Homenaje a Amado Garra

Galicia y la formación de caracteres

A. D. Amado Garra

El homenaje que los hijos del Distrito de Pontevedra venimos a tributar a D. Amado Garra encarna el sentir de cuantos aspiramos a ver redimida nuestra tierra, Galicia, el pueblo esclavizado por la tiranía de aquellos que en Gobierno central, la Corte, patrocinan y amparan a los «madrileños» locales, por lo general gente sin preparación para la gobernación de los pueblos.

No puede, pues, negarse que este homenaje reducido a la mayor expresión de sencillez, atendiendo las indicaciones, la intransigencia de nuestro amigo para cuanto constituya una ostentación, tiene indiscutiblemente un carácter político para cuantos simpatizamos con la orientación del homenajeado.

Tratándose de una personalidad como la de Garra, que todos sabemos hasta donde llega por lo grandioso de su indomable carácter recto, huelga cuanto yo pudiera decir; su biografía es bien conocida; de todos por que le seguimos de cerca en su obra redentora.

Sería para desear que hombres como Garra que dedican su vida a la propagación de un ideal, de una causa, fuesen comprendidos, mejor dicho, acompañados decididamente por el pueblo indiferente que con su apatía morbosa está contribuyendo criminalmente para la decadencia de nuestro país.

Pero Galicia tiene elementos nuevos, generaciones que desarrollan su inteligencia en el extranjero, que tal vez en día no lejano formarán un bloque formidable con aquellos valores positivos que se desarrollan en nuestro país para llevar a efecto la transformación social y política que desde hace mucho tiempo impone realizar para la felicidad del pueblo: pueblo viliplendido por aquellos que no tienen otra capacidad que no sea la de gobernar con las bayonetas de la Guardia civil.

Hey más que nunca sintome yo feliz por poder asociarme a este acto franca y lealmente obedeciendo tan solo a los sentimientos que guían todos mis actos de hombre libre, sin tutelas de ningún género. Si yo no me

hubiese acomodado desde pequeño a formar mi carácter de hombre rebelde es posible que hoy no pasase de uno de tantos mendigos de credenciales que no tienen otra capacidad que firmar una nómina que le haya pro-

so, a la cumbre de la presidencia del Consejo de ministros y hasta se hizo acreedor de que le erijan una estatua en vida. (sic) en la misma villa de Pontevedra, pongo por ejemplo.

Los gallegos, cuantos desearon ver emancipada nuestra tierra, debemos de empezar primero por formar nuestros caracteres aprender a

que quería que le tiraran; o que él quería, era que o decapitaran. Yo retrato quedón así, sin poner el O T E A, por mor de que non estaba decapitado. E Garra, non quer ter

que se fora un crego; Garra nunca tivo coite.
Escucha da chaita, puzerolle a crux mar que se lle pode pober a una home, con boyanda e tolo. Outra crux máis pequena puzeravirallín no xard do empoñoño. Garra tío que nunca tivo o lombo un empoñoño coas solapas das anchas. Més abaxo, encima do corazón, prontáronlle a Garra outra crux, medianamente grande. Isto é coma aquel que di: «Ti non qués caldo. Pois levas tres cancas pol-as fugitas.
Garra veudo a sua cara no corpo alioo que non o seu corpo, dispoixo que non o axustaran a él con outro gordo que non fora da mesma urto. Puzerouna a averiguar quant era o que tía a corpo no cabeza de Garra, ou que tía Garra debaixo da cabeza? e non tivemos moito que perseguir. Asíña toparamos o feitiço. Garra, o máis democrático dos labregos, ten medido polo pescoço o corpo do máis feudal, do máis herdeiro do mar feudo pulego. Ten medido no pescoço o corpo do amo e señor do Castelo do Sobroso. Do amo e señor do home que facía as máis bárbaras e brutales incastancias. A xente demor! Nunca miráti nunca conta tan mal pegada. O corpo do inquisidor e a cabeza do embaixado. Pero en que quelemos, mandada a cabeza ou mandada o corpo? Garra, que era a cabeza capitada



D. Ramiro Vidal Carrera, Presidente de Juventud Gallega.

a cabeza encima do corpo do señor do Sobroso, angue o señor do Sobroso queira ter o seu corpo debaixo da cabeza de Garra.

Garra nos escudado e retirat, e quíras que non, si cadra, cantado máira algún das dúas persoas que compoñen a fotografía, habímol-a de botar no O T E A. Eles non queren, pero ela ir ha de ir.

PEDRO BORRERO



D. Amado Garra Castellanzuelo

El prestigioso abogado, iniciador del movimiento agrario de Galicia, fundador de las primeras asociaciones de agricultores, jurista notable de renombre fama, abogado de los pobres, personalidad la más discutida, uno de los políticos más inteligentes y más consecuentes del agro gallego, que es hoy objeto del homenaje que los gallegos residentes en Lisboa le tributan, obsequiándole con los insignias de la Orden Militar de la Cruz de Cristo de Portugal, con que el gobierno lusitano le ha agraciado. El TEA, en tan señalado día, rinde tributo de admiración a su fundador honrando sus páginas con su retrato.

porcionado su amo que ir también hombres libres para que trabajando y prestando siempre también lo pueda ser Galicia. muchos servicios y sacrifici-

ALEJO CARRERA.
Marzo de 1923.

Fuchicadas

A somitiñón que sal te hoxe a Vigo por mor de prestarlle non sei cantas cruceis o pescoço, no feito, na chaita e aínda máis abaxo e non sei que outros sitios do corpo de Garra, tñon a mala idea de mandarme unha fotografía de meu amigo, pero que non o ofendíamente meu amigo. A fotografía é de Garra, somentras a'a cara as cruceis son as de Garra, pero, centellal / Garra nunca tivo o pescoço un coiteo entreiro. Sempre usou Garra o coiteo con dúas puntas de veadas; e si cadra, merecaba na d'outras que usan os señoritos agora, que non se pranchan; pero así, dretis,



D. Alfredo Pedro Guisado, concejal de Lisboa y exgobernador civil interior.



D. Alejo Carrera, Director de la Agencia Telefónica Radio.

no fío moor dúas coiteis de castro dedos de altura, pra poñelo dretis xesto, tñeron que botarlle unhas mágallas máis do pescoço, porque non lle chegaba o que lle fixeron.
Cando mirón tal causa, d'ixo o noso xefe:
Que me seguira esa cabal / Digo, que me seguira ese empoño / Non atinába Garra que era o

LA DELEGACION DE LOS GALLEGOS EN LISBOA

Nuestros buenos paisanos de aliente el Miró, no habrían podido elegir una delegación suya, para la entrega de las insignias a D. Amado Garra, que supera en prestigio y personalidad a los tres antiguos amigos y colaboradores de EL TEA, por demás conocidos de nuestros caros lectores.

El doctor Alfredo P. Guisado, diplomático consumado, jefe del partido democrático de Portugal, que actualmente dirige los destinos políticos de la ciudad del Tajo, no es para nosotros un elemento desconocido. En la parroquia de Pias, donde pasan sus familiares todos los años la temporada de invierno, es su nombre una veneración, y en cuanto con el vecindario de allí se relaciona, es para él como cosa propia. A manos Heras ha distribuido dinero entre aquellas familias menesterosas; su personalidad ha estado siempre al lado de los desamparados y entre los que, empujados, intentaban ventilar sus

Alfredo Guisado, Alejo Carrera e Ramiro Vidal Carrera destacados na homenaxe a Amado Garra en El Tea (01/04/1923)

Garra, persoa moi próxima como vemos da familia Guisado, tivo tamén importantes relacións de signo político con Portugal, particularmente con membros da elite republicana portuguesa, entre eles Bernardino Machado (presidente da República Portuguesa en dúas ocasións), exerceu de cónsul de Portugal en Vigo ou, no inicio da década seguinte, vai ser condecorado pola República Portuguesa como Oficial da Ordem Militar de Cristo.

Entre 1913 e 1914, baixo o pseudónimo Refaldo Brila (inventado a partir do nome propio e do apelido familiar Abril), Guisado exerce labores de correspondente de *El Tea* en Lisboa, publicando artigos de contido diverso sobre acontecementos lisboetas ou da terra das orixes. Así, por exemplo, co título «Noticias de Lisboa» (*El Tea*, 25/01/1913):

Cuando el presidente se levantó en el Parlamento, le oyeron todos con religioso silencio, asistiendo el público que llenaba por completo las galerías y los diputados que ocupaban todos los lugares de la Cámara, a un extraordinario discurso que ha de quedar grabado para siempre en la memoria de cuantos tuvieron la dicha de escucharlo.

Cuando terminó, el pueblo se irguió entusiasmado y tributó al gran parlamentario una ovación enorme, inenarrable, oyéndose repetidos vivas a Alfonso Costa y a la República que eran contestados con verdadero delirio. Tal manifestación se prolongó durante algún tiempo, viéndose el presidente de la Cámara obligado a suspender la sesión.

El Sr. Costa, que cuando se presentó a las Cámaras como presidente del Consejo, prometió al país la nivelación económica, ha de cumplir su promesa, y el país entero, que ha puesto en él todas sus esperanzas, verá por fin su República tal como ella debe ser, llevada por el verdadero camino por un hombre que no ha escatimado ningún sacrificio para engrandecer a su patria.

O ton e realce na descrición do acontecer parlamentar luso, nomeadamente a atención dedicada ao líder dos democráticos, Afonso Costa, certamente serían do agrado do director de *El Tea*. No mesmo artigo, desde

Lisboa, nótese, Alfredo Guisado lánzalle unha importante reclamación ao alcalde de Ponteareas:

Un puentearesano amigo me ha visitado para pedirme que llame la atención del Sr. Alcalde de Punteareas acerca de lo que está pasando en el Rivero, porque en su distrito se vende descaradamente vino del llamado del «martillo», nombre que dan al vino adulterado; el abuso es tal, dice mi visitante, que los taberneros llegan a preguntar a los consumidores si quieren vino de «martillo» o del país. Es el colmo.

El Tea informa igualmente, por outro lado, da implicación de Alfredo Guisado na vida da colonia e dá conta do seu parecer acerca dunha das polémicas que máis se prolongou no tempo no seo da colectividade galega de Lisboa: o Centro Galego de Lisboa debería acoller só os galegos ou tamén os españois? Alfredo Guisado, nunha entrevista publicada no semanario de Ponteareas (07/06/1913, páx. 2), maniféstase como segue:

«Juventud» debe ser independiente de las otras, en la presente ocasión, puesto que la colonia no está educada para la fraternidad que entre unas y otras debiera existir. Debe de pensar menos en bailes y más en instrucción.

Sería de gran provecho para sus asociados que se realizaran conferencias científicas, sociológicas, literarias y artísticas, pues servirían de estímulo para levantar al gallego de la ignorancia y apatía en que vive.

Preguntado sobre o labor cultural da institución da colonia galega, responde:

Pues mira mientras se ocupa en recitar diálogos, monólogos y canzonetas, en su mayoría faltas de gracia y poco propias para reuniones donde existen señoras, ¿por qué no dan a conocer las poesías de Rosalía Castro, Curros Enríquez y otras obras, gallegas, portuguesas y españolas?; y sobre

todo que no fuesen escogidas al antojo de cada uno, sinó que fuese la Directiva quien las examinase antes de representarse. Como éstas, otras cosas que debieran existir y no existen.


Algúns meses máis tarde, sobre a mesma cuestión, Alfredo Guisado adoptará unha postura claramente rexionalista a pesar da redacción menos clara (e acaso interesada) de *El Tea* (1/11/1913): «El Sr. Guisado (D. Alfredo) hace notar una gran incoherencia en los regionalistas, pues la bandera de la sociedad es la española y la lengua oficial la castellana, olvidando aquellos la que les sirvió de cuna, la que oyeron a sus padres: la gallega».

A partir de 1919, o cada vez máis testemuñal vencello guisadiano co agrarismo coincide, *grosso modo*, coa súa crecente aproximación ao galeguismo, que se vai manifestar en Lisboa, fundamentalmente. Esta vinculación vai acontecer en paralelo, como veremos máis abaixo, á súa afirmación nas fileiras do Partido Republicano Portugués.

Nese ano, 1919, Alfredo Guisado vai formar parte da «Comissão de Propaganda de Autonomia Regional da Galiza», que, segundo *O Século* (30/03/1919), expón o seu programa na máis importante organización da colonia galega de Lisboa, Juventud de Galicia. Alfredo Guisado participa activamente nestas actividades en Lisboa; nun dos banquetes do grupo autonomista, o noso autor pronúnciase así, segundo recolleu *El Tea* (23/04/1919):

El culto e inteligente quintanista de derecho D. Alfredo Pedro Guisado, quien conmovidamente y con la elocuencia que posee, dijo hablar una alma gallega por labios de un portugués, puesto que, si bien su naturalidad es lusitana, fue concebido y arrullado por seres genuinamente gallegos.

Nesta altura, Alfredo Guisado participa, xunto con outros lisboanos, na comisión que ten por obxecto a fundación do «Banco Galicia-Portugal» a partir de Juventud de Galicia. Desde abril de 1919, colabora igualmente na subscripción que algúns lisboanos abren para apoiar os mutilados de guerra portugueses na Gran Guerra, obtendo unha ampla visibilidade nos xornais da altu-



Carta de
Alfredo
Guizado a
Maria
Guilhermina
Ferreira,
03/06/1920
[Fotografia:
arquivo de
Carlos
Pazos-Justo]

ra cando da entrega do diñeiro recadado ao presidente da República, como mostra a noticia «Para os mutilados da guerra. Um acto de filantropia da colónia galaica de Lisboa» publicada no xornal *A Capital* (30/07/1919):

O venerando presidente da Republica recebeu, como já ontem noticiámos, na cidadela de Cascais os srs. Lourenço Varela Cid, Agapito Serra Fernandes e dr. Alfredo Pedro Guizado, que em nome da colónia galaica lhe foram entregar a avultada quantia de 4.041 escudos com que a mesma colónia se dignou contribuir para a obra de asistencia aos mutilados da guerra. A comissão foi acompanhada pelo sr. dr. José Pontes que tomara o encargo de fazer a devida apresentação, procedendo em seguida o sr. Pedro Guizado á leitura da seguinte mensagem:

«Excelencia: -Regressando triunfante duma ensanguentada jornada como foi a guerra que acaba de findar, Portugal, o heroico país das descobertas e das conquistas, o país que tem todo um passado de grandeza, trouxe algúns dos seus filhos que tão valentemente defenderam o nome da sua Patria nos campos da batalha, mutilados, impossibilitados de poderem ganhar a súa vida eles que souberam ganhar a sua gloria.

*En pé: Ramiro
Vidal Carrera,
Alfredo
Guisado e
Ermino
Álvarez.
Sentados:
Lorenzo Varela
Cid e Agapito
Serra
Fernández
(Lisboa, 1919)
[Fotografía:
arquivo da familia
Guisado]*



Logo se ergueram como sempre sabem erguer-se, os corações portugueses, para os auxiliar. A colonia galega que vive nesta paiz que tão hospitaleiro para ela tem sido, não se esqueceu tambem dos seu dever.

E é a v. ex.^a, snr. Presidente, como o mais alto magistrado da nação, que confia o pequeno obolo a eles destinado, e lhe pede muito respeitosa-mente, que o aceite como prova de amizade sincera que a liga ao paiz em que vive e do desejo que anima de ver a bandeira de Portugal tremulando sempre tão alto como as mais altas tremulam nos mastros victoriosos da contenda. –A comissão Lourenço Varela Cid, Agapito Serra Fernandes, Ermindo Augusto Alvarez, Ramiro Vidal Carrera e Alfredo Pedro Guisado».

O sr. almirante Canto e Castro agradeceu comovidamente a generosa oferta em nome dos mutilados a quem via aproveitar. O dinheiro vai ser entregue ao ministro da guerra que a seu turno lhe dará o devido destino.

Nese mesmo ano de 1919, a realización de varias conferencias organizadas pola citada Comissão Pró-Autonomia no seo de Juventud de Galicia escenifica, dalgunha maneira, o avance dos grupos filo-nacionalistas da colo-

nia. Guisado pronunciaría a conferencia «Literatura Gallega» mais, infelizmente, non temos máis noticias sobre o asunto. A conferencia coincide coas primeiras noticias (en *El Tea* e *A Nosa Terra*) que temos da próxima publicación de *Xente d'a Aldea*.

Pasados seis meses, en 1920, en entrevista ao xornal *A Pátria* (07/06/1920), exprésase así:

Portugal [sic.] porque os acolhe com carinho, porque os abraça como se seus filhos fossem, e ainda porque encontram no povo português um povo irmão que os compreende nas suas dôres e nas suas alegrias, é o país que preferem para ganhar a sua vida, longe da sua terra. É que na alma galega há qualquer coisa da alma portuguesa, a mesma sentimentalidade, a mesma religiosa saudade pela sua pátria, a mesma infinita ternura.

Assim os interesses harmonizam-se e a sorte de Portugal é para os galegos como a sua propia.

É que entre portugueses e galegos só um obstáculo se levanta: o rio Minho, que dilue na intranquila caminhada das suas aguas as canções de ambos os povos, repassadas do mesmo sentimento.

Baixo o título *O movimento intelectual galego –Um pouco de historia*, prosegue:

A literatura galega, que na antiguidade foi grande, exercendo influencia na literatura castelhana na opinión do ilustre escritor Carré Aldao, secretario da Academia Ga[l]lega, decaiu quando a Galiza perdeu a sua independencia e um jugo de ferro pesou sobre ela. Foi-se assim arrastando no silencio dos séculos, apenas sustentada pelo povo nas suas canções de saudade. Os grandes poetas e prosadores começaram a escrever em castelhano e assim se foram confundindo, perdendo-se ao acaso na literatura espanhola.

Até que Curros Enriques e Rosalia Castro, dois verdadeiros genios; ele, o poeta combativo, transformando a sua pena em espada, os seus versos em lanças, o seu talento numa entusiastica defeza da sua terra; ela, a poetisa-

alma santa para quem a propria paisagem era reza e o sofrimento: ele, a voz da sua Raça, ela a Alma do seu povo, conseguiram, um gritando liberdade nos seus belos versos de revoltado, outro resando nas suas poesias a ternura da mulher galega –oração dos oprimidos– a um sol que adivinhava dias melhores, conseguiram, ia dizendo, erguer de novo do seu leito de moribunda a literatura galega. E desde êles toda uma plêiade de poetas, de prosadores, de humoristas, de jornalistas, se tem esforçado em levar esta literatura á perfeição a que hoje já chegou. E entre essas individualidades, devemos destacar Vitoriano Taibo e Ramon Cabanillas.


1921, data da publicación de *Xente d'a Aldea*, é, sen dúbida, o ano da consagración galeguista do noso autor. En abril dese ano, a colonia faise notar ao promover unha homenaxe ao soldado descoñecido portugués, presente, como xa foi indicado, na literatura guisadiana; segundo *El Tea* (23/04/1921):

A propósito de los homenajes realizados el día 9 de Abril al soldado desconocido portugués, al que la colonia gallega en Lisboa ofreció dos ricos candelabros de cinco luces cada uno, en plata, con las inscripciones siguientes: «Galicia ós héroes d'a sua hirmán Lusitania», «Para que alumbren eternamente n'ó corazón d'esta pátria hospitaleira». A colonia gallega en Lisboa.

Pouco despois da ofrenda dos galegos, Alfredo Guisado é entrevistado en *A Imprensa de Lisboa* (12/03/1921) sobre o «sonho da Galiza» onde afirmaba:

De norte a sul, pelas cidades, pelas vilas, pelas aldeias, uma ânsia de triunfo, um vento de nacionalismo passa e preocupa os dominadores. É um sol novo que surge, é uma rosa que nasce no coração do povo e cujo perfume é uma oração à Terra querida que se ergue e que caminha.

Eu, que como sabe sou português, tenho por essa terra e por essa causa, uma simpatia imensa, porque meus pais são galegos e porque me coloco sempre ao lado daqueles que sofrem e querem ser libertados. A Galiza dormia sob o jugo dum noite de seculos que a cegava e a não deixava



Carta de Alfredo Guisado a Maria Guilhermina (18/07/1921)

[Fotografia: arquivo de Carlos Pazos-Justo]

avançar. Um dia, os intelectuaes ergueram-se, fundaram a «Irmandade d’a fala», bradaram liberdade e acenderam no alto das serras da Galiza, a lâmpada sagrada do patriotismo [...]. O movimento agrario galego, meu amigo, é um movimento-alma que ha-de vencer, verá...

Ainda ha meses me dizia o grande pintor galego, Rodríguez Castelao, numa sua carta, escrita na lingua de Curros Enriquez: «Eiqui ergense dende fai pouco tempo un ventiño que bem pudara rematar en treboada. Xa somos moitos a berrar co’o puno pechado car’à hestoria d’Hespaña».

E acrescentava mais adiante numa outra passagem da mesma carta, erguendo bem alto o seu esperito patriotico: «Eu fuxo d’os triunfos de Madrid e somente son feliz n’a miña terra» [...] Os discursos de entrada na Academia Galega, de dois grandes poetas Rey Soto e Ramón Cabanillas, forma duas afirmações de exaltado nacionalismo. Nos versos de Rey Soto ha serenidade, nos de Cabanillas há o grito que se repete nos ecos e que galga montanhas [...] Um movimento que encontra á sua frente toda a alma dum povo de há muito submetido, tem de forçosamente vencer e ha de ven-

cer. Em cada aldeia encontra-se uma sociedade de agricultores e em cada uma dessas sociedades, que é um templo, eleva-se um altar, sobre o qual a imagem suave e branda duma Galiza feliz se ergue e é guardada por uma Raça, onde em cada homem vive um sacerdote duma religião que é bela porque se cerca de fé, que é grande porque redime e liberta.


A sintonía ou colaboración cos galeguistas faise efectiva en significativas intervencións en diferentes xornais lisboetas neses anos, das cales recollemos varias máis adiante. Exerce, podemos concluír, de difusor do programa ideolóxico do nacionalismo galego en Portugal. O cal irá realizar igualmente, de forma intermitente, nos anos seguintes.

En 1924, segundo *El Pueblo Gallego*, Alfredo Guisado apoiaría, desde a súa posición política, a proposta de Juventud de Galicia de organizar unha Semana Galega en Lisboa, conforme informa Alejo Carrera, na altura correspondente de *El Pueblo Gallego* (22/03/1924) en Lisboa:

Esta iniciativa estamos seguros que ha de encontrar en la Cámara Municipal de Lisboa la más decidida y franca acogida, tanto más que a la misma pertenece el doctor D. Alfredo Pedro Guisado, concejal y miembro de la Comisión Ejecutiva, quien, por su sangre gallega, siente un profundo y verdadero amor por las glorias galaicas.

Mais será, en 1929, cando Alfredo Guisado irá novamente notabilizarse ao apoiar activamente a organización da malograda Semana Portuguesa na Galiza. Deste elucidativo episodio, recollemos, no presente volume, catro artigos que entendemos que revelan ben o pensamento e acción de Guisado. Pensamento e acción que non pasaron desapercibidos para os galeguistas, como mostra, por exemplo, o xornal *El Pueblo Gallego* (04/01/1929):

El señor Guisado, descendiente de padres gallegos, manifiesta que en su reciente viaje por Galicia ha tenido ocasión de cambiar impresiones acerca de esta idea, que varios literatos y artistas gallegos, incluso el poeta



O Notícias
Ilustrado,
10/03/1929, pág.
1

Ramón Cabanillas, han acogido con entusiasmo ofreciendo su decidida cooperación y proponiendo que después de dicha semana en Galicia se celebre otra semana gallega en Portugal [...] La semana portuguesa en Galicia será la apoteosis de esta amistad verdadera y desinteresada.

A iniciativa, Semana Portuguesa na Galiza, sérvelle ao noso autor tamén para reivindicar a figura dos galegos en Portugal: «Ridicularizar [...] os galegos, pela sua lingua, o mesmo será que ridicularizar-nos a nós propios, falando do nosso glorioso passado literario». Esta e outras afirmacións públicas van ser recibidas desde Juventud de Galicia cun voto de «agradecimento e apoio» e coa manifestación expresa de cooperar na organización da tal Semana, como indica o seu presidente no *Diário de Notícias* (01/03/1929):


Nesta assembleia [de Juventud de Galicia], que se efectuou no día 20 do corrente, foi, por unanimidade, aprobado un voto de agradecimento e apoio ao *Diario de Noticias* a aos ex.mos srs. Antonio Ferro e dr. Alfredo Pedro Guisado pola maneira leal e carinhosa com que se referiram á nosa terra e pela justiça feita aos valores que marcam na vida cultural, artística, científica e literaria da Galiza. Esses votos que não reflectem sómente palabras platonicas mas sim a certeza de uma constante colaboración moral e material dos meus compatriotas e conterraneos, o que por este meio faço publico, confirmam a adhesão que já tive ocasião de ofrecer, em nome de Juventud de Galicia ao *Diario de Noticias*.

Grazas a este tipo de iniciativas, a revista do *Diário de Notícias*, *O Notícias Ilustrado* –onde exercía de xornalista o amigo Antonio Ferro– vai dedicarlle un número á colonia galega de Lisboa, que será o maior exemplo de visibilización dos galegos de Lisboa na prensa en moito tempo. O *Notícias Ilustrado*, alén de convocar «Artistas e Poetas Filhos de Galegos», inclúe unha sección de «poesias galegas», tamén co poema guisadiano, antes publicado en *Xente d'a Aldea*, «A voz de Galícia»; de Guisado, consta igualmente o artigo «Nós e a Galiza», incluído neste volume, onde destaca as semellanzas entre Galiza e Portugal: «A casa é a mesma, separa-a apenas uma parede: o Minho».

Nos textos da autoría de Alfredo Guisado transcritos neste libro, incluímos tres máis de décadas posteriores (1945, 1944 e 1958), publicados no xornal *República*, que son indicio de que o interese do autor por Galiza e a súa cultura non esmoreceran co pasar do tempo. Especialmente, no relativo ás figuras de Rosalía de Castro e Castelao. Canto a este último, é importante lembrar que o texto foi publicado nun contexto –década dos 50– en que a censura pouca marxe lles daba aos xornalistas como Guisado para se expresaren abertamente, a pesar do cal o texto dedicado a Castelao, alén dunha homenaxe evocativa (onde dá noticia do deseño do político de Rianxo, «O cego da sanfona», hoxe exposto no Museo de Pontearreas) supón significativamente unha reivindicación do artista e político que morrera no exilio americano.

Vida Académica

Sala n.º 4 da Faculdade de Letras de Coimbra, onde regia a sua cadeira o erudito professor Dr. Antonio José Gonçalves Guimarães, cujo retrato acaba de ser ali inaugurado.



Grupo de quintanistas de Direito, que na Universidade de Lisboa devem este ano terminar o curso jurídico

1.º plano: — (Da esquerda para a direita): os srs. Neuparth, Cornelio da Silva, Jaime Bastos, Henrique Pinto e Bernardo Freire. 2.º plano: — Henriques de Almeida, Antonio de Barros, Pinto Coelho, Santos Marcelo, Erecina Costa, José Luís Silva Margarido, Gonçalves Pereira, Aylvaro Maia e Sottomayor. 3.º plano: — Saudade e Silva, Barradas Carvalho, Barros, Alberto Jordão, Jacinto Simões, Camará, Tovar de Lemos, Manfredo Silva e Alfredo Guisado. 4.º plano: — Artur Lino, Correia Afonso, Vitor Dias, Saporty Machado, Norton de Matos, Domingos Menezes e Artiaga.

Alfredo Guisado (de pé, á direita) con compañeiros da universidade. Ilustração Portuguesa, 29/01/1921

Como xa apuntamos, cabe entender que, en función da instauración de dúas ditaduras de longa duración nos dous estados, a relación cultural e política de Alfredo Guisado coa terra das orixes –co galeguismo, particularmente– ficou obstaculizada e mesmo comprometida.

Paralelamente ao exposto nas liñas anteriores, é preciso tamén resaltar que a traxectoria social e política de Alfredo Guisado na Lisboa do segundo lustro da década dos anos 10 e da década dos 20 vai experimentar importantes progresos, inéditos até a época para un fillo da emigración galega en

Lisboa, o cal evidencia, en certo sentido, a fortaleza dos podentes lisboanos. Neste sentido, os estudos universitarios do autor en análise parecen ser de todo determinantes, pois permítenlle ampliar a súa rede de relacións na capital lusa ben alén da colonia galega e encetar unha curta mais intensa carreira política, ancorada, dalgunha forma, na experiencia asociativa e política no ámbito da rede das orixes. Polo contido das cartas que troca coa namorada, imos sabendo do seu día a día:

Ontem à noite, quando saí da Faculdade de Letras onde reunira a Federação Académica como já te tinha dito e na qual eu sou um dos delegados da Faculdade de Direito, era já tardíssimo e tanto que, ficou meu cunhado aqui, em casa visto que, como essas reuniões se alongam sempre muitíssimo, calculou que eu me demoraria (23/01/1917).

Un indicio dos seus *progresos* sociais son, poderíamos pensar, os continuos favores que a namorada lle solicita nas súas cartas e que van aumentando progresivamente; por exemplo (carta do 29/07/1917): «O noivo [de uma amiga da namorada] continua administrador em Gois. Êle desejava ser receptor e parece-me que há um lugar em Esposende. O assunto é tratado pelo ministério do Interior é aí que tu tens o tal amigo?». Alfredo Guisado responde (01/10/1917):

Procurei o amigo de que te falei, no ministério das Finanças, de cujo Sub-secretário de Estado é secretário, para lhe falar no tal lugar de receptor em Esposende. Sucede porém que êsse meu amigo só chegará a Lisboa daqui a dias. Volta-lo-hei a procurar e dir-te-hei depois se alguma coisa se poderá arranjar. Apesar de serem coisas do ministério do Interior, pode ser que êle consiga alguma coisas. Do que êle responder comunicarei.

De finais de 1917, data a primeira noticia que vincula, de forma máis evidente, a Alfredo Guisado á política portuguesa; en carta á namorada, relataba, con, xulgamos, mal disfrazado desdén (04/11/1917):

Natural de Santa Justa Lisboa Profissão: advogado

Data do nascimento: 30 de Outubro de 1891 (e noventa e um)

Estado civil: casado com Maria Guilhermina Ferreira Guisado

Residência: Lisboa

Altura: 1,73 Olhos: castanhos

Sinais particulares:

Impressão do índice direito

Este bilhete é válido até Permanente Lisboa 4 de Agosto de 1962

O DIRECTOR Alfredo Guisado

Assinatura do possuidor Alfredo Guisado




AVERBAMENTOS

REPÚBLICA PORTUGUESA

DIRECÇÃO DOS SERVIÇOS DE IDENTIFICAÇÃO

ARQUIVO DE IDENTIFICAÇÃO

BILHETE DE IDENTIDADE
DE
CIDADÃO NACIONAL

N.º 2091509

Nome: Alfredo Pedro Guisado

Filha de António Venâncio Guisado e de Benedita da Abil y Gossalés

Este bilhete leva o selo branco sobre a fotografia do possuidor e assinatura do director.

Documento de identidade de Alfredo Guisado (1962)
[Fotografia: arquivo da família Guisado]

Acabo de chegar a casa [...] cansadíssimo. Imagina que me nomearam para fazer parte da mesa eleitoral desta freguesia e me pediram insistentemente para não faltar tendo lá estado desde as nove da manhã até esta hora, apenas com um curto intervalo de minutos para almoçar. Emfim, é a primeira e creio bem que a última vez que tal me sucede porque não fazes ideia que maçada é uma assembleia eleitoral.

Xa en 1919, coincidindo, como vimos, co seu achegamento aos galeguistas, intervén nitidamente na praza política nas filas dos democráticos, ini-

ciando, deste modo, unha filiación partidaria até o seu falecemento. Con notoria satisfacción, Guisado coméntalle á namorada (04/09/1919):

Desde segunda feira que se travou uma luta enérgica entre a Comissão Executiva da Câmara Municipal de Lisboa e a Junta de Freguesia dos Restauradores de que sou, como sabes, vice-presidente. Essa luta era por causa do Rocio [...] Eu puz a questão nestes termos: ou a Junta vencía ou nos demitíamos. Vencemos. A minha vitória, a primeira vitória política da minha vida, tem dado que falar. A Comissão Executiva da Câmara Municipal viu-se obrigada a pedir hoje a sua demissão. Mando-te dois jornais de hoje. *A República* que me entrevistou ontem e o *Século*. *O Mundo* tens tu aí e certamente já viste nele. Quando aí eu for explicarei melhor. Tenciono ir para a semana e então te contarei os meus discursos, o primeiro que durou uma hora e o segundo quási meia. Emfim, ficamos contentes e com a opinião a nosso lado.

*Alfredo Guisado tomando posesión como concelleiro da
Câmara Municipal de Lisboa (aprox. 1922)*

[Fotografía: arquivo da familia Guisado]



Alfredo Guisado, membro, na altura, da Liga da Mocidade Republicana, vai, sucesivamente, ocupando posicións políticas e, como tal, comeza a ser recoñecido no espazo liboeta. Segundo a información á nosa disposición, desde a Junta de Freguesia dos Restauradores, pasaría despois a ser o presidente do Conselho-Geral das Juntas de Freguesia de Lisboa e, máis tarde, da Federação das Juntas de Freguesia de Portugal; foi membro do Governo da Câmara Municipal de Lisboa, chegando a ocupar tamén o cargo de vicepresidente da Câmara de Lisboa. Segundo José Antonio Camelo (1996):

[Como] Vereador da Camara M. de Lisboa com o pelouro dos cemitérios, parques e jardins desenvolveu uma acção de grande mérito ao acabar com a degradação, com o espectáculo intolerável dos cemitérios de Lisboa e deu também aos jardins e as ruas da cidade o nome de poetas. De sua iniciativa foram também o monumento ao poeta Ribeiro Chiado, o mausoléu-monumento de Gomes Leal e o forno crematório do Cemitério do Alto de S. João. Salvou da vala comum os restos mortais de Gomes Leal, Rosa Araújo, Miguel Bombarda, Magalhães Coutinho e Cândido dos Reis.

Entre 1922 e inicios de 1923, exerceu o cargo de gobernador civil substituto de Lisboa. Politicamente, Alfredo Guisado atinxe a posición de maior relevancia en 1925, cando é electo polo círculo electoral de Lisboa Oriental como deputado á Assembleia da República (08/11/1925-31/05/1926). Nas cartas á agora esposa, o noso autor vai dando noticias dos pasos até ser elixido candidato nas citadas eleccións; por exemplo, refire o 02/10/1925:

As eleições roubam muito tempo. Ontem não pudemos ser atendidos pelo Directorio. Marcaram para Terça feira, às 4 horas da tarde, conferência importantíssima, para a escolha de candidatos. Não imaginas como é preciso estar aqui, ao pé desta gente, é que nem todos são aquilo que parecem. Fingem-se amigos e fazem a sua partida depois. Por isso, meu Amor quási que não posso abandonar isto, sem perigo de ficar vencido.



Comida de homenaxe a Alfredo Guisado no restaurante


Irmãos Unidos (Lisboa, aprox. 1925)

[Fotografía: arquivo da familia Guisado]

Da lectura das misivas, transloce o firme interese do republicano Guisado por ser elixido e continuar a facer carreira política; para iso traballa, sendo tamén obxecto de actos de recoñecemento, segundo refire nunha das cartas (11/10/1925):

Escrevo-te depois da minha festa que foi, realmente, impressionante. Ofereceram-me um retrato e uma pasta com uma mensagem. Muita gente. Presidiu o Dr. Magalhães Lima, falaram vários oradores, entre eles, em nome do Governo, o Ministro da Instrução. Teus irmãos estiveram lá também. Nunca apanhei tantos abraços nos dias da minha vida [...] Agora fala-se na homenagem das Juntas, mas para essa ocasião já tu estarás em Lisboa.

O golpe de estado do 28 de maio de 1926 irá, non obstante, significar a fin da súa carreira política, cando menos, nos termos en que viña sendo cons-



Caricatura de Alfredo Guisado e o poema "Arabescos" (aprox. 1925)

[Arquivo da familia Guisado]

truída: de republicano en progresiva ascención, pasa a integrar as filas da oposición máis ou menos tolerada do novo réxime. Cabe destacar, por outro lado, que a instauración do réxime autoritario, algúns anos despois Estado Novo, non se correspondeu cun distanciamento de Alfredo Guisado a respecto dos grupos políticos aos que estaba vinculado até a altura; ao contrario, todo parece indicar que o republicanismo de signo democrático estaría ben asentado no noso autor e, en función deste compromiso, é que intervén nos anos e décadas seguintes. Indicio forte da posición que pasa a ocupar politicamente, após o golpe de estado, é o feito de verse relacionado cos «Preparativos para una revolta», como titulaba o xornal lisboeta *O Século* en 1928:

AUTO DE PERGUNTAS

Em ~~des~~esseis de Junho ----- de mil novecentos
e vinte e oito --- nesta cidade de Lisboa e Repartição de Policia
de Informações do Ministerio do Interior, onde se acha o Excelentissimo
Senhor Tenente José do Passo, Director Adjunto ---
----- *Comissario da mesma*
Polícia, comigo José Nunes d'Almeida, agente da Policia
de Investigação Criminal -----, servindo
de escrivão; aqui compareceu Alfredo Guisado -----
----- que diz ser filho de
Antonio Venancio Guisado -----
e de Benedicta Guisado -----
ter trinta e seis --- anos, de profissão Advogado -----
----- natural de Lisboa-----
----- e residente no Largo da Graça
numero quatro terceiro andar direito -----

----- Á matéria dos autos
disse: Que faz parte, como agregado, do Directorio do
Partido Republicano Portuguez e como tal assiste a
algumas reuniões do mesmo Directorio, que costumam
efectuar-se na sua séde. Que nas reuniões a que
tem assistido apenas se tem tratado na presença do
respondente de assuntos que se prendem com o cadas-
tro partidario e com a assistencia ás familias dos
prêsos e deportados politicos. Que não conspira
nem tem conspirado contra a actual situação, do que



Primeira página do informe da PIDE do interrogatorio
a Alfredo Guisado (Lisboa, 1928)

[Arquivo da PIDE]

Do gabinete da Presidência do Ministerio recebemos a seguinte nota officiosa.

Na reunião realizada entre o chefe do Governo e os titulares das pastas da Guerra e Marinha, comandantes da G.N.R. e da Policia e os governadores militar e civil de Lisboa, o sr. tenente-coronel Pestana Lopes expôs as diligencias policiaes empregadas para inutilizar a organização por celulas para uma tentativa revolucionaria que se estava organizando.

A Policia prendeu, esta madrugada, como principais elementos organizadores do movimento, os srs. Antonio Maria da Silva e drs. Alfredo Guisado e Godinho Cabral (*O Século*, 16/06/1928).

En función dos datos consultados, Alfredo Guisado pasaría unha noite na cadea e despois sería liberado; no interrogatorio, recoñecería formar parte dos cadros do Partido Republicano Portugués sen, no entanto, ter participado en ningún movemento revolucionario. O incidente, sen aparentemente maiores consecuencias materiais ou físicas, reflicte claramente, porén, a posición á que agora estaba confinado Guisado no medio político portugués.

Despois destes acontecementos, Alfredo Guisado pasa a dedicarlle gran parte do seu tempo ao xornalismo, sendo, a partir de 1954, director adxunto do xornal de oposición *República*, xornal que o describía (03/04/1954) así:

Possuidor de um nome feito na persistente devoção com que já ao longo de muitos anos tem servido a causa da Pátria e da Republica, antigo e desinteressado colaborador deste jornal...

Brilhantíssimo espírito de escritor e de poeta primoroso, Alfredo Guisado marcou, também, na vida nacional, lugar de evidente relevo, principalmente pela notável obra que realizou como vereador da Camara Municipal de Lisboa e como antigo deputado da Nação.

E serviu sempre o País e a Republica com o mais fervoroso patriotismo e a maior isenção. Pois é o seu brilhante espírito, o seu desinteresse, o seu patriotismo e a sua inabalável fé nas intuições democráticas que mais pró-



Entrega da medalla de ouro da cidade á Sociedade Voz do Operário, polo vicepresidente da Câmara de Lisboa, Luís Pastor de Macedo, ao seu presidente, Alfredo Guisado (Lisboa, 1953)
[Fotografia: arquivo da família Guisado]

xima e permanentemente passaremos a ter junto de nós, nesta fogueira intensa de jornalismo político, que tão rapidamente nos gasta e queima.

Para o lisboano Manuel Cordo Bullosa (1988), xa citado, «Alfredo Pedro Guisado, advogado, escritor, poeta, Presidente da Câmara de Lisboa, Deputado Republicano, fiel sem desfalecimento às suas convicções, ficou sempre vertical e íntegro na Direcção do Jornal da oposição *A República*».

4. SOBRE ESTA EDICIÓN

ESTE VOLUME XORDE como edición conmemorativa da publicación, hai cen anos, do guisadiano *Xente d'a Aldea. Versos Gallegos* na Lisboa de 1921. Mais pretende ir un pouco alén, pois, a modo de antoloxía, inclúe outros textos literarios e o que demos en chamar textos de intervención, co obxectivo de presentar, vía textual, os importantes vínculos que Alfredo Guisado mantivo coas súas orixes ao longo da vida. Probabelmente, hai outros textos do autor que poderían formar parte desta escolma; parécenos, no entanto, que a selección feita mostra ben a traxectoria literaria, social e política do autor en relación ás tales orixes. Pías, Pontearreas, Mondariz, Galiza, a colonia galega de Lisboa están, como se tentou mostrar nestas páxinas introdutorias e como se poderá comprobar nos seus textos, ben presentes na forma de estar no mundo do noso autor.

Nas notas de introdución, optamos por incluír, sistematicamente, textos, declaracións etc. orixinais para entender mellor a natureza das relacións que se establecen entre Guisado e as súas orixes. Servímonos ademais de textos doutros autores e procedencias coetáneos ou posteriores co obxectivo de contextualizar, adecuadamente, o percorrido guisadiano. Entendemos, por outro lado, que achegármonos á traxectoria de Alfredo Guisado pode axudar, iso esperamos, a comprender, no seu conxunto, o devir dos galegos que, durante centenas de anos, emigraron á capital lusa, particularmente dos que



Alfredo Guisado en Mondariz (aprox. 1968)
[Fotografía: arquivo da familia Guisado]

alí residiron durante as primeiras décadas do século pasado. O caso de Alfredo Guisado, dos Guisado, é, probabelmente, similar ao de moitas outras familias que, partindo de situacións sociais e económicas menos favorecidas, protagonizaron importantes conquistas persoais e colectivas sen, porén, esquecer as orixes e, a miúdo, constituíndose como exemplos de filantrópica memoria e praxe.

Desde o punto de vista máis formal, apuntamos que os textos citados ou incluídos, tanto nesta introdución como nas páxinas que veñen a continuación, respectan sempre a versión orixinal; tentamos manter, sempre que foi posíbel, a disposición gráfica dos orixinais. Non se sorprenda, logo, o lector ou lectora coas súas grallas ou incorreccións. Na parte final, fica á disposición unha completa bibliografía de e sobre Alfredo Guisado (que só inclúe unha parte representativa do moito que publicou no xornal *República*). O ton das páxinas anteriores, ás veces máis académico, é defecto descomplexado de quen redacta...



Maria Guilhermina e Alfredo Guisado (aprox. 1970)

[Fotografía: arquivo da familia Guisado]

Por último, quen isto escribe agradécelle ao Concello de Pontearreas o interese por divulgar traballos como este, tan necesarios cando se trata dun patrimonio, o da emigración para Lisboa, aínda tan vivo, cremos, na memoria das persoas de Pontearreas e de moitos outros lugares do sur de Galiza e, a pesar disto, escasamente (re)coñecido. Aínda no capítulo dos agradecementos, non podemos deixar de saudar a xenerosidade e apoios varios de longa data por parte da familia Guisado que, entre outras axudas, puxo á disposición gran parte das imaxes que forman parte deste libro e sen as que o resultado final sería, con certeza, menos elucidativo.

Réstanos, finalmente, desexar boas lecturas coa expectativa de que, na medida do posíbel, iniciativas editoriais como esta sirvan tamén para facer – permítasenos o anhelo– máis navegábel o río Miño.

BIBLIOGRAFÍA

BIBLIOGRAFÍA ACTIVA

EN LIBRO

- (1913): *Rimas da Noite e da Tristeza*, Lisboa, Livraria Clássica Editora
- (1914): *Distância*, Lisboa, Livraria Ferreira Editora
- (1915): *Elogio da Paisagem*, Lisboa, Livraria Brasileira
- (1916): *As Treze Baladas das Mãos Frias*, Lisboa, Livraria Brasileira
- (1917): *Mais Alto*, Lisboa, Livraria Brasileira
- (1918): *Ânfora*, Lisboa, Portugalía
- (1920): *A lenda do Rei Boneco*, Lisboa, Ailland e Bertrand
- (1921): *Xente d'a Aldea. Versos Gallegos*, Paris / Lisboa, Ailland e Bertrand
- (1927): *As Cinco Chagas de Cristo*, Lisboa, Livraria Universal
- (1969): *Tempo de Orfeu*, Lisboa, Portugalía
- (1974): *A pastora e o lobo e outras histórias. Contos para as crianças*, Aveiro, Editorial Vouga
- (1996): *Tempo de Orpheu II*, Santiago de Compostela, Laiovento [ed. J. A. Fernandes Camelo]
- (2002): *Xente d'a Aldea*, en VV.AA: Alfredo Guisado. Cidadão de Lisboa, Lisboa, Livros do Horizonte, pp. 212-248

(2003): *Tempo de Orfeu*, Coimbra, Angelus Novus [ed. de Antonio Apolinário Lourenço]

(s.d.): *Semíramis* [manuscrito]

EN *EL TEA*

- «Noites de Inverno», 06/01/1912, páx. 1
- «Noite de Agosto», 20/01/1912, páx. 2
- «O mar», 03/02/1912, páx. 2
- «O Comboio», 30/03/1912, páx. 1
- «Tristeza», 27/04/1912, páx. 1
- «Canção», 04/05/1912, páx. 1
- «O pinheiro isolado», 29/06/1912, páx. 1
- «Flores», 27/07/1912, páx. 1
- «Os Rios», 03/08/1912, páx. 1
- «Rosas», 10/08/1912, páx. 1
- «O Cruzeiro», 17/08/1912, páx. 1
- «Outono», 24/08/1912, páx. 1
- «Orvalho», 28/09/1912, páx. 1
- «Contos que vou contar. I Rosas», 19/10/1912, páx. 2
- «Ondas e espuma», 02/11/1912, páx. 1
- «Pinheiros», 23/11/1912, páx. 1
- «Neve», 30/11/1912, páx. 1
- «A Manuel Alfonso. Duas palavras só», 07/12/1912, páx. 2
- «Raparigas», 21/12/1912, páx. 1
- «Fantasmas», 04/12/1912, páx. 1
- «Esfolhadas», 11/01/1913, páx. 1
- «Noticias de Lisboa», 25/01/1913, páx. 1
- «Trindades», 25/01/1913, páx. 1
- «Noticias de Lisboa», 22/02/1913, páx. 1
- «Volúpia», 15/02/1913, páx. 1
- «A Estátua», 01/03/1913, páx. 1
- «Noticias de Lisboa», 01/03/1913, páx. 3

- «Rosario Pino en Lisboa», 15/03/1913, páx. 2
- «As violetas», 22/03/1913, páx. 1
- «Bailarinas», 19/04/1913, páx. 1
- «Sombras», 26/04/1913, páx. 3
- «A morte do Sol», 03/05/1913, páx. 3
- «Mistério», 10/05/1913, páx. 1
- «O Catavento», 31/05/1913, páx. 2
- «Desertos», 07/06/1913, páx. 1
- «Idílio», 21/06/1913, páx. 1
- «Abandonada», 19/07/1913, páx. 2
- «Envelhecer», 16/08/1913, páx. 1
- «Pías», 17/04/1914, páx. 2
- «El cementerio de Pías», 15/05/14, páx. 2
- «Elegia das rôlas», 29/05/1914, páx. 1
- «Rosario Pino en Lisboa», 05/06/14, páx. 2
- «La remuda», 24/07/14, páx. 2
- «Cementerio de Pías», 31/08/14, páx. 2
- «Olhar cansado», 27/11/14, páx. 1
- «Arabescos», 29/01/1915, páx. 1
- «Respuesta á ‘Um Germanófilo’», 12/02/1915, páx. 2
- «A reza do cavador», 28/05/1915, páx. 1
- «Pías», 03/04/1918, páx. 2
- «Oração do Silencio aos Lagos», 09/07/15, páx. 3
- «A Voz de Galicia», 23/04/1921, páx. 2
- «A Lareira. O Tio Xan», 23/06/1921, páx. 2
- «¡Sobredo!», 01/04/1923, páx. 1
- «Juicio público sobre el libro ‘Fuchicadas’», 13/12/1927, páx. 1

NOUTRAS PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS

- «O namoro por fora e por dentro» en *España y Portugal* «Semnario independente.
Órgano de la colonia española», nº 3, 22/11/1913, páx. 2
- «Vôo», *O Occidente*, 30/01/1914, páx. 27

- «Asas Quebradas» en *Renascença* «Revista de Crítica, Literatura e Arte», 1, febreiro/1914, páx. 13
- «A lenda das lágrimas», *O Occidente*, 20/09/1914, páx. 303
- «Só» en *A Galera*, n.º 5 e 6, 25/02/1915
- «Treze Sonetos» en *Orpheu*, 1, marzo/1915
- «Cristo Agonisante» en *Alma Nova* 8, maio/1915, páx. 4
- «Ao cair da tarde», *O Occidente*, 10/06/1914, páx. 183
- «Os do «Orfeu»» en *O Mundo*, 07/07/1915
- «Ela no meu olhar» en *Alma Nova*, n.º 17-18, n.º especial, s.d. [1916]
- «O Mêdo de Satan pela Noite» en *Exílio*, abril/1916, pp. 7-8
- «Soneto» en *Alma Nova*, n.º 21/22/23/24, decembro/1917, páx. 57
- «Uma horrorosa tragédia no Rocio. Trata-se duma menina da nossa primeira sociedade e dum soldado da última», *O Riso d'a Vitória*, 15/09/1919, páx. 6
- «El y Ela» en *A Nosa Terra*, n.º 101, 25/09/1919
- «O Major maneta», *O Riso d'a Vitória*, 30/09/1919, páx. 2
- «Um inexplicável crime de amor», *O Riso d'a Vitória*, 15/10/1919, páx. 2
- «A tragédia dum guarda freio», *O Riso d'a Vitória*, 15/11/1919, páx. 3
- «Uma Aldeia Galega na Flandres» en *O Jornal*, 03/12/1919
- «El y Ela» en *Atlântida*. «Orgão do Pensamento Latino no Brazil e em Portugal», n.º 48, Ano V, Vol. XII, s.d. [1920]
- «¡Galicia!» en *Diário de Lisboa*, 10/05/1921, páx. 3
- «Galiza e Portugal» en *A Nosa Terra*, 140, 15/05/1921, páx. 7
- «Jogos florais galego-portugueses» en *Diário de Lisboa*, 20/05/1921, páx. 3
- «Jogos florais luso-galaicos» en *A Democracia*, 12/08/1921, páx. 1
- «A véspera de Alcácer-Kibir» en *Seara Nova*, n.º 3, 20/11/1921, pp. 72-73
- «Galiza e Portugal» en *Seara Nova* n.º 6, 14/01/1922, páx. 148
- «Dois irmãos», *El Pueblo Gallego*, 25/07/1925, páx. 3
- «As 5 chagas de Christo», *Diário de Lisboa*, 18/07/1927, páx. 3
- «A Semana Portuguesa na Galiza», *Diário de Notícias*, 03/01/1929, páx. 1
- «Galegos», *Diário de Notícias*, 17/02/1929, páx. 1
- «Nós e a Galiza», *O Notícias Ilustrado*, 10/03/1929, páx. 15
- «Rosalia Castro», *Diário de Notícias*, 13/03/1929, páx. 1

- «Poeira Antiga. Termópilas», *O Diabo*, 4, 21/07/1934
- «Elogio de Junho», *O Diabo*, 53, 30/06/1935
- «Quando eu nasci...», *Sudoeste* 3, novembro/1935, páx. 7
- «Fernando Pessoa e a sua influência na literatura moderna», *O Diabo*, 77, 15/12/1935, páx. 8
- «Algumas palavras sobre 'Orfeu'», *O Diabo*, 81, 12/01/1936, páx. 8
- «Comentário», *República*, 05/03/1943, páx. 3
- «Comentário», *República*, 25/01/1944, pp. 1 e 6
- «Gomes Leal» en Armindo Rodrigues e João José Cochofel (org.) (1948): *Homenagem poética a Gomes Leal. No centenário do seu nascimento*, Coimbra, Minerva, páx. 17
- «Ainda os 35 anos do 'Orfeu'. Como apareceu Alvaro de Campos», *República*, 02/05/1950, páx. 3
- «'Vida e Obra de Fernando Pessoa' um novo trabalho literário do sr. João Gaspar Simões» en *República*, 15/09/1950, pp. 3 e 7
- «Vida e obra de Fernando Pessoa», *República*, 22/09/1950, páx. 3
- «Evoca-se um genial artista galego. Um desenho inédito de Castelao feito há 28 anos num café de Pontevedra e algumas notas sobre o inesquecível músico, pintor e escritor que foi um devotado amigo de Portugal», *República*, 03/02/1958, pp. 1 e 9
- «Comentário. Ainda o Orpheu», *República* «Das Letras e das Artes», 23/04/1965, páx. 7
- «O que se escreve e quem escreve. Páginas íntimas e de auto-interpretação» Fernando Pessoa», *República*, 19/11/1966, páx. 8
- «Dois sonetos de Alfredo Guisado», *Colóquio / Letras* 14: 55-56

CORRESPONDENCIA

- A Alberto Serpa, 23/01/1958, Espolio Alberto Serpa, Biblioteca Municipal do Porto
- A Antonio Ferro, 13 cartas, 1913-1929, Espolio Antonio Ferro, Fundação Antonio Quadros
- A Fernando Pessoa, 27/07/1914: BN. EIII 1152: 64-65 e 01/10/1914: BN. EIII 1152: 66-68, Espolio Fernando Pessoa, Biblioteca Nacional de Portugal

A Maria Guilhermina Ferreira Guisado, 552 espécimes, 1916-1925

A Alfredo Guisado [de M. G. Ferreira Guisado], 442 espécimes, 1916-1925

AUDIOVISUAL

RÁDIO TELEVISÃO PORTUGUESA (1973): «Fernando Pessoa e a Revista Orpheu», RTP, accesível en <https://arquivos.rtp.pt/conteudos/fernando-pessoa-e-a-revista-orpheu/>

BIBLIOGRAFÍA PASIVA

ALONSO ESTRAVIS, Isaac (1980): «Un poeta galego descoñecido» en *Grial*, 69: 349-353

— (1987): *Estudos filológicos galegoportugueses*, Madrid, Ed. Alhena, pp. 193-204

— (2001): «Homenagem a Alfredo Guisado» en *Olisipo*, 2ª Serie, 14: 153-154

— (2002): «Um Poeta Galego Desconhecido» en vv.AA.: *Alfredo Guisado. Cidadão de Lisboa*, Lisboa, Livros do Horizonte, pp. 173-179

ÁLVAREZ, Eloísa (2002): «Estudo de Xente d'Aldea» en vv.AA.: *Alfredo Guisado. Cidadão de Lisboa*, Lisboa, Livros do Horizonte, pp. 181-211

AMARO, Luís (1970): «Duas cartas inéditas de Mário de Sá-Carneiro para Alfredo Guisado» en *Diário de Notícias*, 23/04/1970, pp. 18-19

APOLINÁRIO LOURENÇO, Antonio (2003): «Introdução» en Alfredo Guisado: *Tempo de Orfeu*, Coimbra, Angelus Novus, pp. XI-XLIX

— (2009): «Alfredo Guisado, entre el cosmopolitismo do Orpheu y la Xente d'a aldea» en *Mediateca. IX Congreso Internacional de la AIEG*, <http://tv.uvigo.es/es/video/25106.html> (última consulta, 03/04/2012)

— (2011): «Alfredo Guisado, entre o cosmopolitismo do Orpheu e a Xente d'a aldea» en *Boletín Galego de Literatura* 45: 159-173

AUTORES (1960): «A história do 'Orpheu'. Confidências de Alfredo Guisado» en

Autores, outono/1960, pp. 10-11

